


Crónicas das San Lucas

(2015-2020)




Chus Amieiro / Fran Bouso / Xoán Ramón Fernández Pacios
Xe Freyre / Miguel González Somovilla / Antón Meilán
César Morán / Miguel-Anxo Murado / Bernardo Penabade
Lois Pérez / Francisco Piñeiro González / Antonio Reigosa
Lionel Rexes / Xosé Ruíz Leivas / Xulio Xiz / Álvaro Cunqueiro

Ilustracións de Antón Caxoto

«Todos los romances hispánicos se oyen en nuestro ferial; comenzando por los secos y abiertos catalanes y los dialectales valencianos, y escuchando el hablar claro de leoneses y tratantes de ambas Castillas, el exabrupto aragonés, la grave parquedad extremeña y el abundoso decir inopinado del andaluz, se completa la boca de la piel de toro que dicen España. De ellos todos se defienden, y de los gitanos, con su decir oscuro, su malicia y su indecisión, nuestros labriegos.»

«En Mondoñedo, San Lucas»
(*Faro de Vigo*, 17 de outubro de 1957)



«Tengo, nada más y nada menos, que a monsieur Barbinais Le Gentil, la más hermosa pantorrila de Bretaña, que habiendo dado la vuelta al mundo, descrito la China mandarina y el Brasil —el Brasil, todavía, en los atlas de Weismüller denominado «Brazil I Terra dos Papagaios»—, desembarcó en Vivero de Lugo, y salió de nuestro puerto para Mondoñedo precisamente un 17 de octubre.»

**«El bretón en las San Lucas»
(*El Progreso*, 20 de outubro de 1957)**

«Si yo fuese pintor, ya habría pintado veinte veces el mercado de hierba verde, heno y paja que se celebra, los días que duran “as San Lucas”, en la plazuela de la Fuente Vieja, junto a la Porta da Vila, en mi Mondoñedo natal. Creo que solamente el mercado de rosas en el Farfistán o el mercado de tulípanes en Harlem serán más vellos. Y en perfume, no cede a ningún mercado del mundo.»

**«El mercado de hierba en
“as San Lucas de Mondoñedo”»
(*Faro de Vigo*, 18 de outubro de 1958)**

**CRÓNICAS DAS
SAN LUCAS
(2015-2020)**

CRÓNICAS DAS SAN LUCAS (2015-2020)

Primeira edición: decembro de 2020

Edición

©2020 Asociación As San Lucas

Coordinadores desta edición

Fran Bouso e Antonio Reigosa

Coordinador xeral do proxecto

«Crónicas das San Lucas»

Fran Bouso

Textos

©Autoras e autores

Ilustracións

©Antón Caxoto

Deseño e maquetación

Diego Núñez Álvarez

Impresión

Lar (Viveiro)

Patrocina esta edición

Vicepresidencia. Área de Cultura da Deputación de Lugo

Depósito Legal: LU 164-2020

CRÓNICAS DAS **SAN LUCAS** (2015-2020)

Chus Amieiro

Fran Bouso

Xoán Ramón Fernández Pacios

Xe Freyre

Miguel González Somovilla

Antón Meilán

César Morán

Miguel-Anxo Murado

Bernardo Penabade

Lois Pérez

Francisco Piñeiro González

Antonio Reigosa

Lionel Rexes

Xosé Ruíz Leivas

Xulio Xiz

Ilustracións

Antón Caxoto

Colofón

Álvaro Cunqueiro



Limiar

MIGUEL SOUTO CABANA

Presidente da Asociación As San Lucas

Como presidente da Asociación As San Lucas, organizadora das feiras e festas das Quendas e das San Lucas —as máis antigas de Galiza e unha das máis de Europa— congratúlame saudar a publicación destas *Crónicas das San Lucas* (2015-2019).

O proxecto, coordinado por Fran Bouso e ilustrado por Antón Caxoto, reúne 30 textos orixinais, case todos publicados polo xornal *La Voz de Galicia* nas súas páxinas da edición da Mariña nos días de cada ano coincidentes coa celebración sanluqueira.

A autoría dos textos corresponde a estes 15 nomes: Chus Amieiro, Fran Bouso, Xoán Ramón Fernández Pacios, Xe Freyre, Miguel González Somovilla, Antón Meilán, César Morán, Miguel-Anxo Murado, Bernardo Penabade, Lois Pérez, Francisco Piñeiro González, Antonio Reigosa, Lionel Rexes, Xosé Ruíz Leivas e Xulio Xiz. Todas e todos mindonienses de nación ou devoción, todos e todas entregados ao lévedo fermentar das fantasías que nos transferiu para a ocasión nada menos que don Álvaro Cunqueiro. É precisamente Cunqueiro quen lle pon o ramo a esta obra cun texto recuperado de Tribuna Médica, transcrito e anotado por Miguel Somovilla.

Non son estas, como as lectoras e os lectores axiña comprobarán, as crónicas do acontecer verdadeiro das feiras e festas das San Lucas deste período, senón as do soñar, que tamén son, e non menos importantes, novas auténticas.

Xunta aos arquivos de prensa e aos programas e carteis, xunto á memoria gráfica ou videográfica e á memoria de quen gozase de corpo presente das San Lucas destes cinco anos, haberá que almacenar

a partir de agora estoutra memoria soñada, iluminada por Caxoto e inventada polas autoras e autores deste libro.

Quédame desexarlles que a lectura dos relatos e a contemplación das ilustracións consiga achegarlles tamén o arrecendo outonal que desprende Mondoñedo cando se viste de gala, como cada ano desde 1156 para celebrar as feiras e festas das San Lucas. E tamén quero agradecer especialmente a entrega e traballo entusiasta dos coordinadores do proxecto e desta edición, Fran Bouso xunto con Antonio Reigosa, e o do ilustrador, Antón Caxoto, e de todas e todos os demais colaboradores.

A creatividade das autoras e autores deste libro contribúe coa súa mestría a prolongar o horizonte da realidade ata os predios do imaxinario que Cunqueiro viaxou e describiu antes ca ninguén.

Presentación

FRAN BOUSO

Coordinador de *Crónicas das San Lucas*

Felipe de Amancia está mercando para o seu amo, Merlín, castañas nos postos que ocuparon por unhas horas a rúa que xungue o vello cemiterio no que repousan os restos do xenial fabulador e o Campo da Granxa. A transacción non é unha rutina, debe escoller os froitos do outono cunhas características especiais que axudarán a resolver o problema dos paraugas do bispo de París. A comitiva que porta os paraugas baixa pola Avenida das San Lucas. Diante do Estreito atopan ao Licho de Vilamor erixido coa súa longa barba enriba dun caixón, ataviado cunha blusa moura que acababa de mercar a un feirante maragato, en virtuosa operación de extraer unha das moas do xuízo a un de Zoñán. Esta era a idea inicial, así naceron as *Crónicas das San Lucas*, mais así non puido ser e acabaron sendo como aquí se lles presentan.

Co ánimo de permanencia da singularidade das feiras e festas máis antigas de Galicia, o seu máis fiel defensor dos últimos anos, Miguel Souto, amigo e presidente da asociación organizadora de tal evento nos últimos lustros pediume ideas para aportar orixinalidade á celebración. Presentada a idea de ofrecer representacións teatrais con personaxes ideados ou recollidos na obra de Álvaro Cunqueiro e desbotada esta aínda non sei moi ben por que, as tornas mudaron permitindo que eses personaxes vivisen historias nas páxinas do xornal *La Voz de Galicia* ao longo dos días e dos anos de feira.

Así arrincamos a aventura hai cinco anos, convidando a amigos de pluma lixeira a recrear fantasías con personaxes de Cunqueiro paseándose por Mondoñedo nos días das San Lucas. Antonio Reigosa e Francisco Piñeiro, compañeiros do Colectivo Mondoñedo É... foron

os primeiros convidados, xunto con Xe Freyre. Facíase necesario enriquecer os textos con ilustracións orixinais, o que me levou a contactar con Antón Caxoto; amigo hoxe, pero que daquela non coñecía máis que unha pequena parte da súa obra. O ilustrador captou perfectamente a idea e co cabalo de Xan de Merlo, Diz da Grotta, Bouso de Prado, Perrón de Braña e Hamlet construímos historias para as San Lucas de 2015.

Superada a primeira acción colectiva había que decidir se continuala ou non. O 2016 non se presentaba doado porque as San Lucas tería, ao igual que nos seus inicios, oito días de celebración e polo tanto as Crónicas das San Lucas nese ano debería duplicar o número de entregas. Aumentamos a nómina de colaboradores literarios e duplicámoslle o estipendio ao ilustrador. Antón Meilán outorgoulle a nazón mindoniense a Ulises; Lionel Rexes, lembrounos a Lucas, García e Rabiscollo, tres dos moitos raposos dos que ten tratado Don Álvaro; Antonio Reigosa lembrou ao aventureiro Pepe da Palla, home de mundo que morreu de señardade logo de inspirar dun pequeno botello aire de Mondoñedo; a filosofía e retranca de Francisco Piñeiro levouno a preguntarse e preguntarnos «A que hora pasará por Mondoñedo o tren das catro?»; o herculino de orixes mindonienses, César Morán, repasou algúns nomes e feitos de cabalos cunqueirianos entre os que non podían faltar o Lionfante de Fantini ou o de Alberte Merlo; eu recreei en ambiente sanluqueiro a historia de Tristán e Isolda ao igual que o fixera Cunqueiro en Tristán García; Bernardo Penabade fixo crónica das San Lucas o relato dun acontecemento que tivera lugar pouco antes cando Xoán Piñeiro quixo levar ao audiovisual situacións que se poden dar calquera día en Mondoñedo; Xe Freyre resucitou das Crónicas do sochantre a Guy de Parbleu a quen converteu en halóxeno feirante.

Saíndo con certo éxito da empresa da edición anterior, afrontar o 2017 parecía doado, non había máis que facer tres fichaxes para ter un equipo goleador. Aínda así, cando o colexiado asubiu pena máxima, non se puxeron de acordo. Está claro que faltaba un adestrador carismático! Tivo que ser Lois Pérez quen dixo: «Que o tire o Mato» e

o Mato esfumouse por acción de Elías, o fogueteiro. Xosé Ruiz Leivas, fíxonos Sentir as San Lucas con Aromas duns bálsamos que Antonio Reigosa recorda ben. O mestre Piñeiro fixo análise pedagóxico chegando á conclusión de que: «A escola das San Lucas éche do que non hai e non aprende quen a ela non vai!». A única muller que escribiu para as Crónicas das San Lucas, isto é algo que hai que remediar se somos quen de artellar entregas futuras, Chus Amieiro, soñou cun Mondoñedo mellor e espertou cunhas plumas azuis na súa almofada. Desta volta, eu convidei a unha viaxe en carrusel que nos fará revivir nun futuro inhumano sensacións do pasado.

Logo de tres anos consecutivos, as *Crónicas das San Lucas* xa case están convertidas en tradición literaria mindoniense, o certo é que as feiras do outono mindoniense ao longo dos seus case nove séculos de vida constante tiveron épocas de viveza literaria. No 2018, Paco Piñeiro xogou coa palabra Hamlet, que vai moito máis aló de personaxes de autores clásicos. Os soños son tempos e situacións moi recorrentes nestas Crónicas das San Lucas, Antonio Reigosa desta volta inspirouse nunha egua pintada de azul por Vizoso, a quen lle dedica o relato; o animal era somnábulo. Se cadra dun soño real ou imaxinado saíron as Conversas cun estraño nas San Lucas que mantivo Bouso durante o pregón pronunciado polo reitor cabarqués da USC. Outro pregoeiro, neste caso o da edición anterior, Miguel-Anxo Murado, escribiu de cabalos faladores, ata cantareiros que entoan cantigas da toscana coma «Siam ‘venuti a cantar’ Maggio...». Da súa chaira natal partiu Felipe de Francos cara Mondoñedo o personaxe cunqueiriano que recreou Xulio Xiz e xuntou con Don Álvaro nas feiras mindonienses.

Camiñamos, ese é o título co que abriu as entregas do 2019 o fcego Xoán Ramón Fernández Pacios e polo camiño atopou un rato que habitou o faiado dos Cunqueiro na casa da Praza da Catedral, rato que segundo Antonio Reigosa viaxou desde Riotorto a Mondoñedo no peto da sotana do crego Patricio Moirón. Non sabemos que camiños tivo que percorrer Orestes para chegar á Cidade da Paula, pero chegou, así no lo confirma Francisco Piñeiro. Todos sabemos que as

feiras e festas son ocasións para os excesos e os seus males resaqueiros, nada mellor para curalos que camiñar ata o barrio dos Muíños e botarlle uns grolos da auga do segundo cano da Fonte dos Pelamios, non cadra polas San Lucas, pero desta fonte ao igual que de todas as fontes do mundo abrolla auga do río Xordán cada sete anos, o que non temos moi claro é cando hai que encetar a conta.

E este ano, coa pandemia en incidencia diversa, non sabiamos se ir ou non ir e fomos e non fomos. Explícome! Nun primeiro momento, co comezo do ano, encargáronse, como xa viña sendo tradición, textos aos autores de costume e a algún outro que se prestou a colaborar con entusiasmo. No mes de marzo ou abril apostamos por parar as máquinas, eran tempos incertos. Habería San Lucas, non as habería... E houbo, claro que houbo, comedidas iso si por aquilo de non axudarlle ao bicho a espallarse. Aínda así, para non provocar un «efecto-chamada» optamos por non publicar no xornal as Crónicas das San Lucas durante os días de feiras e festas e no seu canto decidimos facer realidade unha vella ilusión que é a que agora vostede ten nas súas mans. Francisco Piñeiro púxose a soñar e Miguel González Somovilla picou ao carón da Smith Premier n.º 10, as memorias desta vella máquina propiedade dos Cunqueiro. A xenerosidade de Somovilla e a licenza de César Cunqueiro permítennos pechar esta edición cun artigo de Álvaro Cunqueiro, inédito en libro aínda que xa fora publicado na revista Tribuna Médica, moi acaído para este 2020 que estamos a rematar.

Estas son as Crónicas das San Lucas entre o 2015 e o 2020! Apenas un aruxo das que nos quedan por contar!

Como vai o mundo?

FRANCISCO PIÑEIRO GONZÁLEZ

«Viñera de Noia e aló vai, en Segovia! —dixo meu pai, moi amolado, cos ollos en bágoas pero orgulloso daquel cabalo—. Tres anos eh! Tres anos! —indicaba cos dedos das mans— tres anos o levei ás feiras de As San Lucas e regresamos xuntos para a casa porque separarnos non vos foi doado...! Xuntos fixemos historia e agora mandeino preso, para Segovia! —repetía anoxado, apartando con rabia o embutido que a el máis lle sabía, o salchichón de Cantimpalo.»


Agora o entendo. Anque daquela eu era un neno xamais se me esquece a mirada de esguello por entre os barrotes do camiión onde o ataban os «Outros feirantes», como diría Cunqueiro, a quen, por certo, coñecera nos Xiros, xa había bastante tempo. D. Álvaro camiñaba coas mans no carrelo cara a Pedrido onde tiña por costume parolar con Carmiña do Canelo e, na costa, detívose para admirar aquel cabalo ceibo, sen ramal, que aterraba nas patacas atendendo a todas as ordes, sen fallar. Isto levouno a imaxinar que se podía tratar da reencarnación dun cabalo dos seus relatos e preguntou:

—Como vai o mundo?

Meu pai que era galego xa escocido ergueu as pestanas sen quitar o ollo do rego.

—O cabalo dá gloria velo —insistiu Cunqueiro—. Chámase Moro e Alberte Merlo é o seu dono.

—Oia, non soñe! —contestou meu pai exaltado— A ver se vai entendendo que os de Xan Merlo son de San Paio e nós somos do Reguengo! Como se vai chamar Moro un ruán con tres mans brancas igual que a estrela da testa! Entende por Lindo.



Certamente, era Lindo, obediente, sufrido e tan coñecido polas xentes de San Lázaro, O Couto, Valoría, a do barrio dos Muíños, e por todos cantos comían das terras por el labradas con humildade nos arredores da «vila» con título de cidade. Moitos deles, cando o viron por primeira vez no Campo dos Paxariños botaron as mans á cabeza dicindo: «Imos mal». «O arado en folga, baleira a alforxa».

Os máis aquelados mandaron recados ás autoridades para que se presentasen na feira do gando e tomasen as medidas de prevención ou remedio que evitasen a previsible morte do mundo rural mais non houbo sorte, aos gobernantes coincidiálles fatal; pillounos coas mans nun asunto moito máis gordo, deses que dá vergonza allea vendo que o polbo se acaba e non chegarmos ao acordo de como repartirmos a derradeira tallada.

Eu non sinto vergoña pois daquela era un cativo mais debo recoñecer e así o escribo que cada dezaioito de outubro D. Álvaro Cunqueiro mailo cabalo de Alberte Merlo agardan por min na feira de As San Lucas e na súa compañía sempre lembro en nunca esquezo aquela ollada de esguello que o meu Lindo me espetou por entre os barrotes daquel camiión que o levou de Mondoñedo.

Talvez por iso o resto dos días do ano, xusto cando me esperto, marco ao chou un teléfono e a quen lle tocou envíolle o mesmo saúdo:

—Como vai o mundo?

O máis increíble da historia é que sempre me responden desde Segovia!

Publicado en *La Voz de Galicia-A Mariña* o 17 de outubro de 2015

Diz da Grota

ANTONIO REIGOSA

Segundo a avoa, este Diz viviu na casa da Grota de Zoñán cunha besta chamada Benta. Algunhas noites viña pola casa. Petaba na porta, tres golpes secos, cadenciosos, entraba e sentaba tras da cociña.

A avoa achegáballe unha cunca de caldo quente e un cacho de pan, e logo agardaban a que rematase de papar a comedela por se lle apetecía contar algunha historia.

—A última vez que o vimos —dixo mamá vella— andaba obsesionado coa fin de mundo. Irán os homes polo aire —dicía— como paxaros. Haberá lumes. Morreran ao nacer as criaturas. Veranse caer fachas cada noite. E tras mil agoiros e desgrazas púxose de pé, deu as boas noites e dixo:

—Quen me dera probar como é iso de voar!

Foi o último que lle oíron; non o volveron ver. Desapareceron el e a besta coma se os tragase a terra.

A memoria de Diz esvaeceu, a casa derruíuse e ningún se acordaría máis del se non existise o día 9 de agosto de 1980.

Celebrábase en Mondoñedo un campionato de voo sen motor. A expectación era enorme. Milleiros de persoas contemplaban a proba nocturna na que uns voadores iluminados con bengalas descendían desde o curuto do Padornelo ata o campo de fútbol.

Todo sucedeu nun relampo. Un daqueles paxaros perdeu a bengala e, ao caer, o resplandor delatou a presenza dunha estraña figura. Un home montado nunha cabalaría, ambos pendurados dun aeroplano, daban voltas en círculo sobre as nosas cabezas.

A bengala, por certo, acabou prendéndolle lume ao monte pola parte de San Carlos.

Algún tempo despois, cando estabamos gardando os cabalos no campo dos Remedios a noite véspera do día grande das San Lucas do ano 1980, pasou algo e foi que, de repente, os animais agreáronse e comezaron a dar couces e dentadas a algo que debía estar no medio deles.

Que lles pasaría!

Axiña vimos descender un home pendurado nun planador que antes de pousar no chan no medio das cabalarías, xa comezou a ascender. E debaixo del, entre as pernas, levaba unha besta que semellaba rir de contento. Cando llo contei á avoa, díxome:

—Pois, que casualidade. Foi polas San Lucas cando notamos a falta de Diz e a da súa besta! Era o ano 45, acórdome ben, que foi cando casamos teu avó e mais eu!

Trinta e cinco anos! Dá que pensar, penso eu agora.

Publicado en *La Voz de Galicia-A Mariña* o 18 de outubro de 2015



Bouso e Perrón nas San Lucas

FRAN BOUSO

A mañá estaba resultando moi animada e a afluencia de público era masiva, non se podía agardar menos cadrando o día principal das feiras en domingo. Polas rúas, literalmente, non se andaba; avanzábase por fricción.

Estaba facendo intentos para entrar na alameda cando vin pasar correndo; ben, á velocidade que a multitude permitía, a Modesto. A intuición fíxome tirar detrás del.

Achegándose como podía pola travesía, avanzaba unha ambulancia e non tardei en ver a Modesto facerlle acenos para indicarlle algo.

Os técnicos do transporte sanitario baixaron a padiola de rodas do vehículo e, coa axuda de Modesto, foron abrindo paso entre a xente para finalmente chegar a unha cantina das que despachan polbo.

Eu, que me sumara á misión de abrir paso, cheguei ao tempo que os sanitarios ao lugar indicado por Modesto e tan axiña coma cheguei xa o recoñecín.

Estaba pálido, inmóbil, tal cal parecía que xa iniciara camiño cara o outro mundo, era Bouso de Prado.

Os rapaces da ambulancia coa axuda dalgún dos presentes subiron a Bouso na padiola e nese intre apareceu como se fose chamado Perrón de Braña.

Perrón comezou a falarlle a Bouso e os sanitarios iniciaron a marcha cara a ambulancia. Ao tempo que Perrón falaba, Bouso collía color.

Perrón pediulles por favor aos da ambulancia que lle permitisen examinar aquel home, algo ao que os técnicos de transporte sanitario non accederon, pero como o avance era lento, Perrón, como podía, foi



dándolle masaxes na cabeza a Bouso de Prado. Antes de que saíran da alameda, Bouso xa revivira por completo.

—A ver Bousiño, xa vas mellor? —preguntou Perrón.

—E logo que pasou? —inquiriu Bouso.

—Foi o óso ese que che dá problemas —contestou o de Braña.

Bouso abandonou a padiola sen facer caso aos sanitarios e convidou a Perrón a unhas racións de polbo no mesmo chigre no que lle fora mal.

Publicado en *La Voz de Galicia-A Mariña* o 19 de outubro de 2015

Hamlet

XE FREYRE

Por iso estou aquí, porque o meu país é moi venteado. Pacen as eguas a herba mol nas chairas baixas, ou sonecan unha miga á sombra dun bosque de faias ou, axotadas, emprenden un breve trote pola campaza... e o vento sempre a correr detrás delas, mecéndolle as crinas como quen xoga a ondear gallardetes. Nada hai no meu país que escape ó vento. Sobre todo as eguas. Ningunha cousa hai no meu país de máis mérito que contemplar como o vento persegue as bestas.

Nos eidos de onde eu son, o pai de todas as bestas é o vento, un pai prolífico e clásico, como de ben antigo se sabe. Non hai no monte egua que del non empreñe, pois non hai socairo onde se acubillar. Élle moito garañón o vento do norte!

E moi parideiras as bestas de Elsinor. Este ano, como ve, os máis da manda son cabalos de pouca alzada, rexos de peito, de perna curta e ánimo algo pousón, pois na súa quenda soprou vento do leste, un vento grave e raseiro, moi roncador, pero que apenas ten forza para alborotar a ramallada. Mais hogano predominan os mareiros, que son aires asubiadores, alegres como un viño fresco, que arremuíñan ó seu paso a cabeleira toda das árbores, e xa verá na vindeira feira que grea máis pulida, que estampas máis gallardas. Nisto do gando, como na vida mesma, cada un é segundo o seu pai. Créame cando lle digo que é moi importante saber de quen se vén sendo, a caste de cada un. En Elsinor armamos un catavento para ter a seguranza das paternidades.

Algunhas cousas endexamais se deben repetir.

Moitos cartiños che me dá a ganar a min o vento. En Elsinor todo o vento é meu, herdanza de tío e pai, e as bestas do monte tamén son

facenda miña, por parte da miña señora nai, a non ser media ducia que levo en parcería. Eu antes éralle príncipe, pero agora ando no trato do gando. Xa ve, mudan os tempos que non se cre: de imperante de Dinamarca a feirante nas San Lucas. Pero o certo é que me anoxaba moito o oficio de gobernar, de tan serias, transcendentales e aburridísimas disquisicións, que me impedía durmir polas noites e mesmo me perseguían as pantasma. Iso de gobernar é moito de cabeza e non sempre che dan as contas. Máis descansado é o emprego de feirante, que coñeces xente e ves mundo e aínda vas xuntando uns cartiños.

Eu sonlle Hamlet, da casa que din de Kronborg, e todo o gando polo que pregunta é meu. Se quere que nos deamos a man e pechemos o trato, será polo prezo que pedín, nin unha coroa menos, que do meu oficio anterior aínda se me acorda o non ceder a relear. E se así lle praxe, a grea toda é súa, polo falado; mais non a egua que eu monto, a miña Ofeliña, aquela do tenro e doce ollar, que ha de ser quen de novo me leve á casa.

Publicado en *La Voz de Galicia-A Mariña* o 20 de outubro de 2015



Ulises sempre volve

ANTÓN MEILÁN

A teima de Ulises era chegar a Ítaca, mais sabía no seu interior que nunca o lograría porque o lera na súa novela cunqueiriana. Pra chegar a Ítaca tiñan que cambiar de rumbo o sol, a lúa e as estrelas, e iso era imposible porque era laboura dos deuses. E os deuses fixeron o mundo e o firmamento daquela maneira: amencemos co sol, anoitecemos coa lúa e soñamos coas estrelas, que nos marcan tamén o camiño da vida. Ulises aprendeu nas súas singraduras mariñeiras que non se pode ir contra o destino da natureza. El, que veu tantas amencidas nos mares do sur e anoiteceres nos do norte. O amencer sempre é morno, mol, doce, ledó, por iso confunde o mar co horizonte, onde a derradeira liña é a da lembranza e a da melancolía. Por contra, o anoitecer é bravío, bate o mar contra os farallóns e acantilados, é a loita do remate do día. E a noite!, a noite é o reino das estrelas e dos soños: a estrela Polar, o carro de Santiago, que leva á nosa terra. E todas as noites cando o vía no firmamento, non podía deixar de cavilar na súa cidade natal: na rúa de santo Domingo co canto das monxas; a de Batitales co o son do piano dos Luaces; a de Pardo de Cela co degolación do Mariscal; a da Imprenta co ruído das máquinas das noticias; a catedral coa música do órgano e o cheiro a incenso; a Alameda coa vista verdecente das rilleiras; o campo da feira e aqueles días de troula das San Lucas. Agolpábanselle todos os recordos da súa nenez e xuventude. E sobre todo, ¡canto lembraba a Penélope!, que quedaba agardando á volta da súa viaxe: facendo e desfecendo nos soños. Na soidade do barco, cantas veces imaxinou acariñar aquelas mans anxelicais. Cantas veces mirou aqueles ollos, que foron as estrelas nas noites treboentas do mar. Cantas veces lembrou aqueles



bicos nos seus beizos, na súa boca, nos que sentira por primeira vez todo o amor do mundo: «en todo estás e ti es todo / pra min y en min mesma moras», lle dixo aquel día, lembrando a Rosalía. Sempre que se despedían, lle dicía o mesmo: «morrerei nalgún naufraxio, mais levarei no meu silencio o amor dos teus bicos e a cor mariñeira dos teus ollos». E Penélope desfaciase coma unha estrela de San Lorenzo.

Ulises sempre desembarcaba polo mes do Patrón para axudar na casa nas tarefas da sega, e xa se quedaba para as feiras das San Lucas. Ese cheiro verde, fresco a herba acabada de segar levábao na alma. Cando embarcaba e desembarcaba, xa xunto con Penélope, sempre facían o mesmo: ían para a Alameda a ollar a estrela Aldebarán, da constelación de Tauro, o signo de Ulises. A estrela que brilla e rebrilla aínda de día. Tiñan o segredo de mirala todas as noites, estiveran onde estiveran, porque lles daba a forza que necesitaban para sopor-tar tanta soidade. Tamén lle dedicaban unha tarde-noite a recitar, ruando pola vila, ese poema titulado *Retorno de Ulises*, que lle fixera o señor Cunqueiro unha das veces que desembarcara. Tiñan unha gran querenza por recitalo ambos a dous. Empezaba Ulises «Pende en que pende Penélope pensativa», e seguía Penélope «perdo novelo nove novamente canto», e así ata o final. Xuntos, nunca pensaban na morte, era coma se fosen vivir para sempre.

Este ano volve estar con nós agardando ás outonais festas das San Lucas. Sempre aproveita para mercar todos os enseres que necesita para as súas singraduras: unha manta de Palencia; dous traxes de augas e un con sombreiro; uns zocos con solas de goma; navallas e coitelos de Taramundi; uns tarros de mel para botar no leite da mañá; queixos, noces e un anel para regalarlle a Penélope. Tiña tantos aneis coma viaxes levaba feito. A todos lles poñía o nome dunha estrela: Altair, Espiga, Vega, Rigel, Pólux, Capella... E despois das feiras, volta ao mar a acariciar o vento e a soidade. Todo lonxe novamente: a terra e a vida. Novamente sós, el, o mar e os sonhos. E no bosque de Silva comeza a aparecer o inverno.

Publicado en *La Voz de Galicia-A Mariña* o 16 de outubro de 2016

Tres raposos mindonienses

LIONEL REXES

A primeira imaxe que teño das San Lucas é imaxinada, pois o feito de proceder dunha familia da emigración, reservoume para a adultez o engado da feira máis antiga da Galiza.

Xa que logo, a infancia marabillada por rosquillas, enxeños e argallos, tivo que ser experimentada noutras latitudes, sen *paulas* nin *maulas*.

Mais, con anterioridade, eu xa tiña atesourado unha noción da devandita festa.

Foi un meu tío quen me proporcionou, de xeito espontáneo: escena, conto e mito na mesma narración. Andabamos, casualmente, a falar de raposos.

Lembro escoitar, abraiado, como no Campo dos Paxariños, entre bestas e poldros, fora exhibido un raposo; preso coma se dun can se tratase.

Tal imaxe, permaneceu na miña mente asociada ás San Lucas durante anos, até que puiden saborear *in situ* o grande encontro anual.

Chamarémoslle Lucas ao pobre golpe capturado.

Xa mozo, e aínda sen ser quen de falar das San Lucas con coñecemento de causa, as obras de Cunqueiro —pola mesma época en que se lle dedicaba o Día das Letras Galegas— aplacábanme a nostalxia, fornecéndome asemade do segundo raposo da miña cosmogonía galaica.

Xa era eu sabedor naquela altura de que os nosos paisanos, moi avisados, alcumaban o golpe con nome de rei galego, mais non coñecía a causa. E foi nunha colectánea de artigos de don Álvaro onde descubrín que o douto animal, comprendía a fala humana!

Chamarémoslle pois, García, ao meu segundo raposo mítico-literario.

O terceiro golpe acheino tamén grazas a Cunqueiro, non xa nun artigo xornalístico senón en *Os outros feirantes*, obra en que xorde o Rabiscoallo. Tal renarte fora bautizado deste xeito por Lomas do Pontigo, quen navegara no berce por culpa dunha chea, coma un involuntario emulador do Moisés bíblico.

Este Rabiscoallo era segundo don Álvaro, descendente daquela estirpe de raposos cautos e desconfiados que, valéndose da sabedoría, sobreviviron ao dioivo universal sen arca, nin galiñas, nin Noés raposeiros.

Con tales antecedentes, cando un destes animais prodixiosos me sae ao camiño, penso algo semellante a aquilo de don Ramón María (por certo, parente de Cunqueiro): «Cranio privilexiado!», e saúdoos erguendo un chapeu ficticio.

Este ano, cando me interne entre ruáns, baios, pedreses e caldeiras de cobre, buscarei aquel primitivo Lucas que configurou o meu primeiro e fabulado cartel das San Lucas.

Sabendo, e imaxinando, ou fantasiando, con que Lucas —o vello reo— fuxiu por entre as greas en rolda; espantando tratantes, sea-reiros, xinetes e gornicioneiros; á busca, ben sei, do García, derradeira testemuña daquel reino —máis mítico que máxico— onde os animais falaban; para se encontraren con Rabiscoallo en lendario e rotundo comité de sabios.

Ha ter lugar o conciliábulo entre a felga da Silva, ou nas penas do Corno da Lúa ou, máis seguro, nos cumios do Monfadal.

Confeso que noutrora, cheguei a considerar tales topónimos e xeografías un froito do chafariz fantástico de don Álvaro. Non o eran e mais podían telo sido, pois que se falamos dese binomio composto por Cunqueiro e Mondoñedo todo pode ser.

Recordemos que a devandita dualidade transfigúrase unha vez ao ano en trindade grazas ás San Lucas. Daquela, o máis insólito faise non só posíbel, senón frecuente.

Publicado en *La Voz de Galicia-A Mariña* o 17 de outubro de 2016



Morreu Pepe da Palla

ANTONIO REIGOSA

Os da Palla desapareceron da face de Mondoñedo hai moitos anos e, polo que acabo de saber, xa fican tamén totalmente ausentes da face da Terra toda. Sóbueno lendo o dixital *Herald Soun*, de Melbourne, onde se conta que o noso antigo veciño, Pepe da Palla, morreu alí hai uns días.

Chamábanlles «os da Palla» porque o primeiro do que hai memoria, que é quen lles deu o título a todos os que viñeron detrás, morreu cunha palla na boca. Chamábase Xuventino; un home de porte descomunal.

Cóntase que nas San Lucas de 1892 ou 1893 tivo a ocorrencia de montar un espectáculo que consistía en soprar cunha palla de cen-teo polo cenzo dun animal, e a forza de aire —sempre que alguén colaborase tapándolle a boca á besta— conseguía que se erguese un ou dous palmos do chan. Traballaba sobre todo con bacoriños e años, sempre cuadrúpedes infantés. Cando morreu, que foi nas San Lucas de 1895, disque non foi do esforzo, que lle sobrava peito, senón do couce que lle deu un poldro bravo cando intentaba que levitase.

Pepe da Palla marchou para Australia o 18 de outubro de 1976, o mesmo día que cumpría 25 anos. Vira un anuncio nun xornal no que se ofrecía traballo para pastorear ovellas e para alá foi. Aínda me lembro daquel libriño que mercara para aprender catro palabras en inglés.

Segundo o *Herald Soun* alí fíxose moi popular, grazas precisamente a esa habilidade herdada da familia, aínda que aquí só lla víramos practicar unha vez. Por pasar o tempo fixéralle a operación a unha galiña, pero como voan, aínda que sexa mal, non logrou que quedase estática eses segundos necesarios para validar a proba. Vese que cos bípedes a técnica non ten o mesmo éxito que cos cuadrúpedes.



Porén, en Australia especializouse en cargar e descargar ovellas nos remolques e camións co método familiar. Parece que refinara a palla, que non era de centeo nin de trigo senón feita de materiais máis consistentes, e que dunha sentada subía ou baixaba, regulando aire para conseguir un ou outro efecto, un cento das meiriñas xigantes que hai por alí.

Pero Pepe non morreu traballando senón de impaciencia. Expirou logo de inspirar dun pequeno botello aire de Mondoñedo.

Mandárallo unha prima segunda que ten en Viloalle como agasallo de aniversario, e tamén como anticipo do inminente regreso á terra natal. Faría 65 e íase xubilar pero non puido agardar á data para gozar do regalo.

A señardade, ao que parece, tamén pode matar.

Publicado en *La Voz de Galicia-A Mariña* o 18 de outubro de 2016

A que hora pasará por Mondoñedo o tren das catro?

FRANCISCO PIÑEIRO GONZÁLEZ

Chegou o día de contar o segredo polo cal, sen haber vía, crúzanse a diario dous trens en Mondoñedo. No da fantasía viaxan aqueles que compren co ritual de sentar no colo de Cunqueiro; vai e volve por riba da catedral cargadiño de soños para ir repoñendo aqueles que, adurmiñados entre a néboa e o vento, pouco a pouco van esmorecendo. Tamén carga coa herdanza dos milleiros de sanluqueiros que nel viaxaron desexosos de atopar nas «feiras da vila» o capital humano que lles permitira remoer o resto do ano as cruezas da vida porque todo hai que dicilo: a fama das San Lucas e o seu prestixio merecido non se debería medir polo froito económico dun xeito exclusivo. Intercambiar retranqueiras conversas, apertas de amigos, retrincos e cantigas entre empanadas, polbo, aturuxos e bo viño axudaron a manter esta romaxe de outono ao longo de oitocentos sesenta anos.

O outro tren, o do realismo diario, tivo aprobado proxecto (Ribadeo-Mondoñedo-Lugo) hai case cen anos mais no 1925, cando Gumersindo Otero estreou a ferraxería no Cristo dos Remedios, o pobo rosmaba pola falta de acordo na comisión encargada de elixir estación entre o Couto e Valiño.

Por esa razón, o día das maulas, un veciño dese lugar requentaba a batalla, mentres mercaba nas varas de abelao, xusto no Cristo, berrándolle a Gumersindo:

—Ferraxeiro, téns rateiras?

—Teño —respondeu desde dentro.

—Logo dáme unha á présa que vou pillar o tren a Valiño.

—Home, tan grandes non as teño! —respondeu Gumersindo.

—Entón haberá que ilo pillar ao Couto onde, por ser costento, o tren será cativoiro e subirá amodo.


Nese momento outro do Couto que escoitaba cambiou a vara por outra que levaba un afiado ferrete no extremo mentres dixo:

—Mellor levarei esta. Ten na punta unha «retranca» que saca moi ben a chispa das cachas e a algún poda que lle faga falta!

Escuso dicir que o froito da desunión sempre conduce ao fracaso, así que estrear a aguillada non foi necesario. O proxecto real, coma tantos outros, converteuse en borrallo e aboia entre a néboa, aló no Fiouco onde precisamente D. Álvaro Cunqueiro escolle os soños para subilos ao tren pero dende que mira sen lentes debe ter medo a que cheguen con retraso porque me pregunta sempre:

—A que hora pasará por Mondoñedo o tren das catro?

Publicado en *La Voz de Galicia-A Mariña* o 19 de outubro de 2016



O cabalar das San Lucas

CÉSAR MORÁN

Ben sabido é que Felipe de Amancia, ao facer o índice onomástico do Merlín, definiu Mondoñedo como «cidade de Galicia, sonada polos bispos e polo cabalar das San Lucas, i onde naceu o señor Cunqueiro, que puxo en formado estas historias. É rica en pan, en augas i en latín». Así é que, entre os trazos esenciais da cidade está esa feira cabalar que se celebra desde hai máis de oitocentos anos, e faille compañía ao canto eclesial, ao pan da memoria, ás augas mananciais e ás palabras herdadas. Felipe non ten cabalo, que o seu é arrendar as cabalarías dos viaxeiros que van e vén polo camiño de Belvís, ou polo camiño real, mentres van ter co seu amo un parrafeio ou unha consulta, e mirar acaso se veñen mancados na mao nalgures. Cabalos principais chegan por veces a Miranda, dos que desmontan os máis ilustres e alertantes pasaxeiros. Mais Felipe tamén cabalga nunha besta ou mula máis discreta para ir procurar os moradores de baixoterra.

As San Lucas de Mondoñedo son o tropel de cabalos que de súbito irrompen na praza da catedral vindo dos montes de arredor. O viaxeiro está agora a contemplar o que son as pedras catedralicias, e de sotaque, por un intre, todo é un resoar das bestas que inzan a praza toda, e o cheiro montaraz revoa nas fachadas onde espella unha faísca que brinca nas laxes. Ninguén é quen de deter ese estrondo de vento tolo nen o arrouto selvaxe deste embate, porque é a hora dos cabalos. Nas San Lucas, polo outono, son as fondas humidades que anuncian a invernía, cando as follas amarelas se espallan e arremuíñan polas rúas da cidade, facendo no verso de Noriega esa ondeante manteliña verde. É entón cando se ouve a vaca do vento que muxe



como un boi, ou é cando —«bortela que bortela»— se pode moer o grao do vento.

Cando son as San Lucas hai cabalos diversos. Uns repousan principalmente na parte baixa da cidade. Outros reméxense inquedos e algo indómitos entre os feirantes por riba do campo dos Remedios. Algún deles lembra o «percherón» que pasara o vao do río Aulne, con aquel mozo tan ben parecido que ía namorado e levaba nos ollos a morte. Outros son máis ergueitos, como o Lionfante de Fantini, e outros fixéronse tan mansos que mesmo chegan a falar co seu amo. Iso foi o que lle aconteceu a Alberte Merlo, do que pode dar fe.

Polos camiños de Miranda vai a hoste cabalar en rebumbio de vento, e a máis diminuta crianza, recén nada, non sabe se vai ser a ledicia dun neno ou arrombada de vez no balbordo que pasa. É a hora enteira.

Publicado en *La Voz de Galicia-A Mariña* o 20 de outubro de 2016

Tristán nas San Lucas

FRAN BOUSO

Á altura de Candia, no concello de Abadín, puxéronse de punta os pelos. A vella furgoneta que servía para levar a churraría de feira en feira avanzaba lenta pola baixada da Xesta formando parte dunha caravana encabezada por un transporte especial que portaba tres aspas dun aeroxerador.

Ao pasar a Volta Grande xa se empezaban a ver os camións do gando estacionados en ringleira e os cabalos ocupando unha parte da calzada. Como puido, ía esquivando obstáculos na baixada da avenida das San Lucas e ao pouco de pasar o museo do Mago Merlín fixou a súa mirada na casa da esquina da praza. En lugar do bar estaba unha sucursal do banco Hispano-Americano.

Un ano antes, máis ou menos á mesma hora, sentábase na barra daquel bar tomando un dos cafés que máis lle prestou na súa vida, botáralle dous sobres de azucre coma acotío, pero a dozura proporcionoulla a mirada do camareiro que a atendía.

Co sabor doce nos beizos montou a estrutura do posto e con gran destreza despregou o toldo serigrafiado coa inscrición «Churrería Isolda (Venta de Baños)».

Enriba da táboa xa estaba a masa agardando o momento axeitado para ser metida na máquina que dá forma aos churros e o aceite estaba a chegar á temperatura óptima.

—*Rapaciña, y luego, tu madre* —preguntou Ester do Pinto.

—*Buenos días* —contestou a churreira— *Mi mamá ya no anda por las ferias...*

A Ester xa a coñecen, se hai dúas cousas que lle gustan máis que sacar fotografías, son laretar e os churros.

Cos churros xa mornos, Ester achegouse á barra e pediulle a Basora, o camareiro de todos os días, unha cunca de chocolate.

—Ai, hoxe hai choio eh, Basora! Normal, ao cadrar o 18 en domingo, xa se sabe. Menos mal que che puxeron axudante e ben guapiño que é. Mociño, de onde es?

—Sonlle da Pastoriza, señora; de Reigosa.

—E non serás fillo do Capador?

—Así é. E logo, como o soubo?

—Eses ollos din moito...

—Veña rapaz —dixo Basora— hai xente agardando nas mesas.

Ester tomou o chocolate e os churros. Cando ía saír pola porta cruzouse co camareiro da Pastoriza, miroulle aos ollos e preguntoulle:

—Como te chamas?

—Tristán García, señora —respondeu o rapaz.

O día foi pasando entre cafés, churros, viños, cervexas, polbo e xente, moreas e moreas de xente. Xa entrada a madrugada, Tristán saíu varrer a terraza do café, xusto diante de onde estaba instalada a churraría.

—Daríase ben a feira, ou? —preguntoulle o camareiro á churreira.

—*Cómo dices?* —respondeulle.

—*Si se te ha dado bien la feria hoy?* —insistiu Tristán.

—*No hay queja, no tuve ni un minuto libre para ir al baño y estoy que exploto* —confesou a rapaza.

—Pasa, por favor! Podes ir ao servizo do bar; eu míroche do posto mentres non volvas —dixo Tristán.


A churreira entendeu á primeira e non tardou en coller cara o baño. Ao pasar ao carón de Tristán, este preguntoulle:

—Chámaste Isolda?

—*No, yo me llamo Jessica; Isolda es el nombre de mi madre.*

De repente, a Tristán véuselle enriba todo o cansazo acumulado ao longo do día e nese preciso momento os seus ollos deixaron de brillar.

Continuou varrendo ata que a churreira regresou do baño. Logo meteuse dentro para deixar o chaleco na percha, coller as súas cousas e saír pola porta de atrás.



Ao día seguinte, do picaporte da porta de vidro do café colgaba unha bolsa de plástico azul, no seu interior había un pequeno saco de papel que contiña doce churros fríos.

Publicado en *La Voz de Galicia-A Mariña* o 21 de outubro de 2016

Mondoñedo é poesía

BERNARDO PENABADE

Un dos medio cento de feirantes que D. Álvaro Cunqueiro nos deixou para a posteridade chamábase Fulxencio Parada, era orixinario de Rianxo e tiña devoción polas laranxas da súa horta, que consideraba as mellores do mundo.

Con esa mesma devoción polo traballo ben feito, un coterráneo seu —neste caso da banda meridional da Ría da Arousa— chamou a Mondoñedo buscando colaboracións para un programa de televisión.

—Estamos preparando unha serie sobre as vilas históricas galegas e queríamos gravar en Mondoñedo. Necesitamos alguén que coñeza o patrimonio local e que queira contárnolo para a cámara —dixo Xoán Piñeiro.

—En Mondoñedo non teñen problema. Falen co Cronista Oficial. Ademais de ser un sabio, é moi boa persoa e moi servizal. Xa el lles fala en nome de todos os mindonienses.

Mais o comunicador audiovisual de San Martiño de Salcedo de Pontevedra quería varias voces —catro mellor que tres e tres mellor que dúas— e non se contentaba só co discurso do cronista, por moi sabio que fose. Entón as recomendacións deberían ser outras. Quería varias voces? Sen problema; en Mondoñedo podería ter unha masa coral, se lle fixese falta para o conseguir un audiovisual con tan bo sabor como as laranxas do Fulxencio. Falando co presidente de Abrindo Camiño, tería o camiño aberto ao latir da cidade e xa el lle diría onde e con quen gravar.

—Non pode ser! —queixábase pouco despois o director da gravación. O Luís faloume como unha metralladora e comezou a recomendarme xente e non paraba. Faloume duns señores que imprimen

un xornal, dunha moza violinista da Orquestra Sinfónica de Galicia, dun César músico e profesor que vive na Coruña, dunha Sra. Esther que é a madriña dunha árbore, dun mestre que vive por Monforte... Deume todo un mar de nomes e eu non quero figurantes. Quero xente que saiba falar! E nisto chegou o día e a xente de aquí e a de acolá puxo como punto de encontro a Alameda dos Remedios, como se fosen as San Lucas, e comezaron a gravar en Alcántara e as palabras fluían e o traballo facíase con rapidez. Baixaban ao busto de Leiras e a intensidade mantíñase; pasaban pola oficina de turismo e Abel faláballes con idéntico entusiasmo sobre o Rei Cintolo; e, xa fóra, nas cabeceiras da praza D. Álvaro parecía que lle chiscaba un ollo a D. Xosé Ruíz Leivas; e subían á torre da catedral e as mesmas cámaras abrían os ollos como pratos ao escoitar as explicacións de Valentín, o seu magnífico «atendedor». Naquel momento, as expresións de director, rexedor e cámara xa o dicían todo. Por eles, o traballo xa se podía dar por finalizado; o éxito era seguro. Mais descoñecían que aínda faltaba outra parte do recital. Primeiro no cemiterio vello, con D. Xulio da Casa da Penela falando sobre Leiras e Cunqueiro e Pascual Veiga e o Pallarego... e evocando, se cabe, aínda con maior paixón aquela historia da musa Eustorgia que repousa no fondal do camposanto. Despois, as cereixiñas do pastel: a área da fervenza e a Pena do Unto. Unha regalía para o cámara, que ben o merecía. Non fixo falta chegar á hora das despedidas para que o director arousán dixese o que lle levaba xa horas fervendo no peito:

—Agora entendo por que, cando eu intuía problemas, o Luís botaba a rir e aseguraba que en Mondoñedo non tería problema ningún. Gravamos con toda esta xente e poderíamos gravar con outra tanta. Por iso estou absolutamente convencido de que Mondoñedo é poesía. Poesía pura.

Publicado en *La Voz de Galicia-A Mariña* o 22 de outubro de 2016



Guy Parbleu, halóxeno feirante

XE FREYRE

Moito tempo hai que non se deixa ver nas San Lucas Guy Parbleu, o alentiño azul que coa hoste sochantresca fatiga os camiños e as corgas de Bretaña. Digo Bretaña e non se me escapa que a estadea que vaga na patria de De Crozon —maila merlinesca corte e a xente de acolá, feirante e menciñeira—, por moito que estean feitos da mesma materia coa que se tecen os soños, son tamén, e máis ca nada, parceiros todos eles da materia de Bretoña.

Por iso non é de estrañar que en chegando estas datas os habitantes daquel mundo e trasmundo, máis britoniense ca bretoñés, acudan en tropa á convocatoria sanluqueira. Cada quen ten as súas necesidades, mesmo os que, por deixar de ser quen, se supoñen libres delas.

Sobre as cabezas dos cabalos ás varas da carruaxe, Mamers o Coxo estrala a xostra para afalar as bestas. Galga a Corda a carroza dos defuntiños ó empardecer, e nas enfestas corredeiras que transita, as ferraduras do tiro levantan faisquiñas nos croios, que o halóxeno Guy, sentado no pescante para guiar no escuro, saúda ledó como a fútil parentela. Ó son dun solemne acompañamento de bombardino, no interior da carruaxe os viaxeiros vanse espindo das encarnaduras.

Na Farrapa detense a carroza na que viaxa a ousada compañía. A recua de esqueletos descende parsimoniosamente e Mamers, no entanto, ceiba as bestas das varas, que se esfarelan sobre o chan como unha chuvia de poíños de rapé. «Xa cumpristes, compañeiros», pensou Mamers. «Bo descanso». E un ventíño que se ergue moi mandado espárese ó mundo as cinzas das bestas que un día foron preas.

Catando ó lonxe, no fondal e na escurada do val, adivíñanse os farois, fachos e candís que alumean as rúas e casas da cidade.



Cun aceno elegante e coqueto, un esqueleto recompón no pescozo a boa. «Lembrades», pregunta, «cando eu fun Xulieta?» Os demais defuntos asenten, non sen certa señardade, e miran tamén as luces da cidade, daquela cidade que xamais volveron a pisar desde a noite na que se desempeñaron como cómicos improvisados. Só o peidiño francés ten franca a entrada, pois el xamais foi cómico, non sendo senón de atrezzo.

Cómpre estar moi atentos para advertir a presenza do sopriño de luz avanzando cara a cidade. Arrola a brétema a súa canseira polas rilleiras e apenas se dexerga que canda ela, agochada no seu ventre, eslima a tremelante luciña. Na ponte de Ruzos Guy Parbleu saúda unha sombra que porta a súa propia cabeza na man. O saúdo é moi cerimonioso, con reverencia, como corresponde a tan distinguida, aínda que demediada, señoría.

É véspera da feira e o gando pernocta no Campo dos Paxariños. Estomballados sobre feixes de herba seca sonecan nun recuncho os feirantes, alleos ó vermiño de luz que enreda entre as que foron bestas, choutando nas súas illargas, escudriñando dentames, xogando a adentrarse nos cranios baleiros para derramarse logo polas ventas coma un luminoso espirro. Escintila tanto coma Guy Parbleu a carolina onza de ouro que pousa ós pés dun dos tratantes.

Pola empinada calzada, polo camiño real que conduce a onde a fúnebre compañía agarda para proseguir a viaxe, moi poucos, só os máis noctívagos, se decatarán de que ascenden lixeiros os esqueletos de dúas bestas. Unha moxena abaneándose na noite, un sopriño azul coma un vagalume guía na escurada o seu sonoro andar e asubía satisfeito do cabal que lle quedou o trato. É ben doado, xaora, se es o único feirante a quen non lle importa que o gando estea nos ósos.

Publicado en *La Voz de Galicia-A Mariña* o 23 de outubro de 2016

Sentir as San Lucas

XOSÉ RUÍZ LEIVAS

Cando estiven por última vez co meu amigo Álvaro Cunqueiro alá polos *Madriles* xa puxera neste mundo a Vilarego de Rubal e, por se acaso, deixouno segundo nos conta «tomando outro café con gotas, e despídese de min para ir escollelo pulpo, que lle gusta gordo e algo recio».

E, xaora, isto ocorría nas San Lucas así que, sabendo o que nos di del eu razoei, cousa rara en min, que se buscaba ben entre os comedores de polbo á feira destas San Lucas igual o atopaba. E así foi como din co Vilarego de Rubal sentado nunha mesa da caseta do polbo que hai entrando no Campo dos Remedios a man esquerda.

Por se vos interesa saudalo el é «de media estatura, roibo e colorado e ollos azuis» así que con esta descrición que fixo del Álvaro Cunqueiro calquera o pode sinalar sen equivocarse.

Achegueime a el con respecto e cando só estaba por medio de nós a mesa do polbo, espeteille:

—Moi boas, Sr. Vilarego, e que lle aproveite!

—Así será meu señor! E logo, vostede de quen vén sendo?

A conversa segue ata que se deu por satisfeito de todo canto se relacionaba comigo, e así chegou o interesante.

—Ben seguro que estas feiras de hoxe son igual de importantes que as que vostede lembra e coñeceu.

—Que va! Antes eran de cor moura e hoxe, mire, son multicolor; non ten máis que ver os paraugas! Ata os hai de cor! Antes, bote contas: pano mouro na cabeza, camisa moura, saia moura, touca moura e muller feiticeira, pero co paraugas mouro. Mire ao seu arredor! Luz, cor, luces de cores, cores que dan luz. E non mire para as bestas da feira! Olle para as mozas! Pode ver un milleiro arredor da música

e todas son distintas no vestir e iguais na fermosura. Non o pense máis; as Feiras das San Lucas cada ano son distintas por mellores. Use só a imaxinación para xulgar a feira e así todos os demais sentidos gozarán dela.

E fíxenlle caso. O primeiro que se me ocorreu foi ir dende o Campo dos Paxariños ata a Fonte Vella dando un paseo para ver a feira que todo ese camiño enchía, e foi coma unha viaxe polo territorio das ilusións, da fantasía e da emoción.

Case que cada caseta da feira tiña música de seu pero cando camiñas apremado no medio de xente, de tanta que hai só escoitas palabras soltas; exclamacións de asombro, berros de alegría de atopar ao amigo, algarabía de sentirte con xente alegre co corazón cheo da Feira e Festa das San Lucas.

Deixarte levar na corrente da xente que, coma ti, se deixa levar facendo parte da multitude que só ten ollos para a cor e oídos para a alegría, e corazón alegre para as San Lucas de Mondoñedo.

Que razón tiña o Vilarego!

A convivencia en festa das San Lucas amósanos o traballo feito por quen vén vender, a emoción de quen vén mercar e sempre te quedas asombrado de ver as mandas de cabalos medio salvaxes que esperan comprador no Campo da Feira.

E alí tamén hai sentimentos! Cando un cabaliño é separado da súa mai ao ser mercadoría. Non lle mires aos ollos, grandes e tristes, que reflicten a incompreensión dun sentimento que non entende de comercio!

Si, desde logo, a feira é antiga en celebración, é grande en mercado, é alegre pola convivencia, é divertida polo contido, é histórica pola antigüidade, é imprescindible polas vivencias que provoca. Para todos aqueles que un día a visitan e gozan dela, a entrada das greas de cabalos pasando por diante da catedral cara o recinto feiral é unha imaxe que gardará para sempre no álbum cerebral das cousas a lembrar nesta vida. Pero que non se descoide, que lle farán falta moitas follas para gardar tantas emocións, tantas fantasías como se xuntan nas Feiras e Festas da San Lucas de Mondoñedo.



Cando volvín cabo do Vilarego de Rubal xa lle fixera os honores á ración de polbo e esperaba contento polo ben que lle soubo; e díxome en plan festeiro:

—Meu amigo! Non pode ser doutro xeito; a comida que se serve nas San Lucas ten sona dende hai séculos. O polbo, as empanadas e calquera outra cousa de comer son sempre do mellorciño. Mire, e senón lembre o que fixeron os cóengos de catedral o 4 de agosto de 1487.

Alugáronlle o Pazo de Portocelo a Gonzalo Bolado de San Vicente e veciño de Viveiro, de oficio pescador, e unha das condicións do aluguer dicía así:

«... que nos habedes de venir a visitar con pescado fresco de cada un ano por cada día de San Lucas...»

A calidade do que se come nas nosas Feiras xa vén de lonxe.

Publicado en *La Voz de Galicia-A Mariña* o 17 de outubro de 2017

Aromas

ANTONIO REIGOSA

Vouno contar tal e como mo contou un tío meu. Debeu suceder polo 51 ou 52, quizabes no 53; non se acorda ben. Aconteceu a primeira hora do día grande das San Lucas co Campo dos Paxariños a rebentar de xente e de gando.

A cousa é que se presentou por alí un tipo cun enorme mostacho, vestido cun amplo traxe gris dos de chaqueta cruzada, gravata de raias e gabán encarnado. Completaba a figura un pau que sostíña un rótulo que dicía, en letras grandes «Bálsamos e fragancias». E, por se o conxunto non fose xa abondo estrafalario, o paisano levaba na dianteira, amarrada ao pescozo cun cordel, unha caixa de cartón chea de frascos.

Cada frasco contiña un olor diferente e cada olor un nome recha-mante: «Cheiro de besta nacida e criada no Cadramón», «Recendo de garañón de poucas montas pero efectivas», «Fragancia de poldro quinceno que aínda mama», «Perfume de besta no primeiro día de celo», ou, entre varios máis, «Alcatreo de cabalo capado con tenden-cia á melancolía».

Segundo o charlatán aqueles aromas tiñan a virtude de perpetuar os cheirumes propios das bestas montaraces por un tempo prolongado. Tamén garantía, aínda que a fórmula era absolutamente secreta, que foran extraídos do natural, sen aditivos nin colorantes. Puro bravún!

Aos que se lle achegaban, que eran sobre todo os mozos, pulverizáballes cun aerosol no dorso da man un aroma da súa elección. Daquela aínda non se usaba a palabra *spray*.

Cada frasco vendíase por unha peseta e os rapaces mercábanos sen releo como se non fose haber un mañá. O éxito do negocio sería

impresionante se non fose tan efémero pois os propios compradores, ao espaxear sen control os cheiros entre homes e bestas, provocaron a súa ruína instantánea.

Todo cambiou en minutos. Aquela plácida feira converteuse nun campo de batalla. Cabalos, eguas e poldros entraron en tal grao de excitación (o meu tío di «de confusión») que mentres a uns lles deu por montar a quen tiñan a carón, sen distinguir bípedes ou cuadrúpedes, outros reaccionaron con violencia e trincaban rabiosos a crina ou a cacha máis próxima.

Menos mal que un daqueles tratantes casteláns, dos de chambrá e moca, dispuxo atrancar os camións para cortar as saídas do Campo da Feira, e os mozos que provocaran tal rebumbio foron obrigados a amontoar os frascos nun foxo improvisado, lonxe das bestas. Logo prendéronlles lume. Seica ardía aquilo como a gasolina! Os animais, despois de moito esforzo dos besteiros, acougaron e a feira volveu ao seu.

Ao facer relato de perdas só se deron por desaparecidas tres cabezas. A do vendedor de aromas que, sen que ninguén soubese cando nin por onde, liscou sen deixar indicación do paradoiro, a do garañón que baixaran de Cabana de Vella os da Casa da Infesta, e a de Roque do Crego, un rapaz corpulento, ancho de peito e arroutado no dicir e no actuar.

Do vendedor de aromas ninguén se preocupou pero de Roque e do garañón, si; xaora.

Ao tratar de recompoñer os seus últimos pasos, as testemuñas dixeron que Roque mercara o aroma rotulado como «Recendo de garañón de poucas montas pero efectivas» e alguén apuntou que o viran correr diante do cabalo, escapando del leiras arriba, en dirección a Angüín.

O meu tío non viu máis pero engadiu que tempo despois escoltoulle falar do caso na taberna de Póngalas dos Muíños a un home que debía ser escritor; vaia, un contiñeiro. E dixo que o home aquel, que era fraco e alto, asegurou que cando Roque xa non podía máis deixárase caer contra a parede do depósito de auga dos Pedregás.



Pero que o cabalo, en vez de atacalo ou trabalo como sería normal, que abaixou a cabeza ata xuntar o seu morro cos beizos do rapaz. E aínda engadiu que ao cabalo naquel transo lle brotara no medio da fronte un corno refulxente dun branco purísimo.

—Pero eu como non o vin —dixo o meu tío— non o creo! Ca! A única verdade do que pasou despois —engadiu— é que nin o garrón nin Roque se deixaron ver por Mondoñedo nunca máis.

Publicado en *La Voz de Galicia-A Mariña* o 18 de outubro de 2017

Que o tire o Mato

LOIS PÉREZ

É raro de ver pero foi así, a min contoumo o fillo. O fillo do Carneiro grande, que xogaba tamén con eles, unha noite onda o Póngalas. Polo visto, que foran xogar a Castropol. E polas San Lucas deron en querer traelos a Mondoñedo, xogar a volta logo. E isto outro tamén. A idea tivéraa o Mato, xusto o carallo do Mato. Eles eran *daló* da Muxueira.

Os pais.

El era central.

Botáballe peito e poñíalle intención, xaora, non se discute. Non lle apuntaba a un cesto, o Mato. Pero arar araba a feito. Tíñalo que ver: o Mato era así ben parido, metro noventa. Non lle collían os pés nas botas, logo parecían cebolas, metía medo. No Seminario como era tan alto, sempre lle preguntaban que tempo ía vir. Entón el viraba a cabeza cara O Fiouco e daba o parte, lanzal:

—*Es posible que vengan precipitaciones. Pero tampoco se descarta que llueva.*

E ría cos dentes todos coma un acordeón desafinado ao celebrar a inventiva, alumándolle conciliador unha hostia ao primeiro que collía por diante.

O Mato era contrafeito pola boca, sedutor, líder e analfabeto a partes iguais. Escoiteille ao Marful verídico dicir que tiña os collóns como mazás, dispensando, non o sei; cando lle entraba ao dianteiro cos dous pés por diante, os vellos aprendían de anatomía na barra. Todo cristo sabía ben o que pasara na Marosa, cando no medio da polémica cun árbitro de Foz, dixéralle tranquilo ao paisano, pero sen lle mentir tampouco, que lle barría os dentes. E barrérallos. E aos xuíces de liña tamén. Cada vez que me acordo... Vin chorar un dos

liñas onda o córner mirando os dentes e as moas, tiña a dentamía toda estrada, alí ao pé da bandeirola. As pezas dentais de ouro do asistente refulxían na auga da lama coma os barcos dos *shardanas* aqueles remontando o delta do Nilo, na batalla contra Ramsés.

Dixéronllelo aos outros unha mañá no Pallarego. O Sacristán ergueu de onda o Mato, que llo bisbara á orella. Cuspiu solemne cara a rúa e, pasando o brazo polos focinhos volveuse á concorrència:

—E polas San Lucas vai vir un fogueteiro tamén. Millor non o hai!

Polo visto o pirotécnico era parente do Benigno de Tui, fogueteiro de referencia da zona de Pontevedra. Chamábanlle Elías, polo do carro de lume. O Elías dominaba con gran desempeño todas as sortes da pirotecnia. Destacaba especialmente no xogo de polgar co cartucho da bomba de palenque, ao igual có gran Benigno. Tiña o polgar plataneiro. Houbo falar del don Álvaro, si. Non era amigo de laiar pero o día que perdeu o dedo, doer doíalle igual.

O fogueteiro Elías chegou polas San Lucas contra a hora do vermú, en plan americano. Tocado con sombreiro Panamá e lentes de sol, vestía traxe inglés e zapatos italianos, chaleco cruzado e acendedor Dupont con releve historiado que recreaba a chegada dos ingleses do Capitán Cook a Tahití. Botou os primeiros estalos onda os nenos a unha man, namentres facía que divisaba distraído Vilamor ao lonxe. E coa outra fumaba un Celta e botáballe agarimoso a cinza no pelo aos cativos que o querían palpar. Galanteou o que quixo coas mulleres e traía un rapaz de Baños de Molgas que lle cargaba toda a *petardería*, namentres el baixaba ao toque o moscatel e repasaba coa folla do puro as febras de poldro que lle agancharan entre os dentes. Vaia feira!

Foi pola tarde. O campo da Fonte do Sapo estaba cheo. O fogueteiro saíu botar os primeiros foguetes, con alardes de filigrana, moi aplaudidos dende a zona de sombra. Houbo empate ao descanso e unha nova exhibición do artificieiro, xa en estado de graza. Din que o viron despois no Pozo da Cega ben acompañado, enforando cunha confidente de Taramundi.

Reiniciouse o partido, que estaba aéreo. Rinchaban os cabalos dende a feira coa grada ao escoitar o balbordo, cada vez que cruzaba



a divisoria o Mindoniense. Ata que no último minuto chegou a xogada: o Cigarrán baixou o esférico ao piso con mestría de panadeiro, caneou o seu par e progresou afouto en diagonal pola canella do centro, cedéndolla de biqueira ao oco ao punta, que ingresaba fuxitivo na área vindo dende atrás. De súpeto, fíxose un silencio unánime no estadio que se debeu sentir ata no Valadouro. Un neno rompeu a chorar entre o fume do tabaco, espectro inmóbil, que parecía observar tamén a xogada. Xa se cantaba o gol pero ao dianteiro fíxoselle de noite. O central do Castropol segoulle a perna, que describiu volta e media en espiral, coma un Virxilio que acompañando o Dante dese a volta na porta do inferno antes de entrar. Rebentáranlle a perna ao chaval. Choveron berros e protestas. O árbitro, un rapaciño de Lourenzá, pitou penalti, expulsou o defensor visitante e desatou a celebración da grada. Os vellos que saíran mexar contra o muro entraron en tropel. Ninguén quería tirar. Era moita responsabilidade e por riba nas San Lucas. Daquela foi cando falou o Emilio do Patoyo:

—Que o tire o Mato.

Abriuse un corredor entre os xogadores do Mindoniense que lles deixou ver aos nenos que estaban atrás da portaría aquela figura imperial, case bíblica, do Mato, camiñando con clamorosa parsimonia cara o balón que descansaba xa no cal, coma un Moisés que fose abrir o Mar Vermello. O Mato acomodou o balón e fitou o porteiriño, que era todo viseira e tremía agochado atrás da indumentaria, agardando pola execución. O Campo da Fonte do Sapo era unha soa voz:

—Ma-to, Ma-to, Ma-to, Ma-to!

O Mato botou a correr e o fogueteiro Elías soubo que chegara o momento do clímax, termendo estratéxico do artefacto, preparando o chisqueiro. Sacou o seu mellor foguete para culminar a xornada e celebrar o gol seguro do aclamado central.

Prendeu o artista a mecha pisando en falso e daquela escoitouse un eterno si do mar entre o fume. *Shhhhhhhhhhh!* Houbo unha terrible explosión. A fumareda invadiu a área, entre o silencio abafante dos seareiros. A borraxeira desapareceu aos poucos e a xente puido ver o porteiro debelado, apolíneo xa no chan. A uns metros, alí o

estaba: un furado perfecto no punto de penalti, requintado por un negro anel de restos de pólvora. Non quedaba nin rastro do Mato. Tampouco do balón. Rompeu o silencio un vello dende o córner:

—Cago no demo, se lle chega dar, descósea. Pero eu o Mato ver non o vexo.

E non o vían. E que lle ían ver.

Publicado en *La Voz de Galicia-A Mariña* o 19 de outubro de 2017

A escola das San Lucas

FRANCISCO PIÑEIRO GONZÁLEZ

Os cabalos das San Lucas gardan máis de oitocentos cincuenta anos de tradición.

Esta síntese literaria ten mérito e ninguén llo quita pero se botarmos a man ao petate dos recordos sería de obrigada xustiza deixar ben claro que ademais dos cabalos e outras clases de gando nas San Lucas tamén tiveron moita fama os mercados, separados da feira pola liña travesa que vai dende o Cristo dos Remedios ata a Fonte Vella. Precisamente nos arredores da fonte estaba o mercado da herba, os oleiros espallaban os cacharos de barro diante do Seminario, á dereita do mesmo, cebolas e allos, zamelos e zonchos, coellos e polos e tantos outros atendidos por mulleres e nenos; logo, o mercado do trigo aos pés do Cantón Pequeno, e na Praza da Catedral, latoeiros, empanadas, pan, sementes de toxo, de nabo, de xesta... e alí mesmo, cara ao final, foi onde Cristos vendía na leña cando ao seu burro cativo lle apareceran as ganas de festa por debaixo do embigo.

Cristos carrexaba feixes de estelas ás costas desde os montes de Camba, sempre xurando a causa da dor dunha hernia inguinal que cada día ía aumentando. Por iso cando viu na feira ó crego Esquerdeiro vendendo o Pistolas, un burro enfaixado do que todos dicían que a gordura do amo o tiña rebentado, buscou á présa a Xosé de Caselas para que lle prestara os cartos cos que podería mercalo.

Metidos no trato, entre porfía e porfía, o crego non baixaba a onde Cristos subía e a cada novo intento aumentaba o volume e a gravidade dos xuramentos. Daquela Caselas, sabendo o que había, enviou a un tratante asturiano de fama para que rexistrara o animal



e terzara no trato partindo as diferencias. Cada vez que o asturiano apalpaba ao burro coa man por debaixo da barriga exclamaba e dicía:

—*Madre mía, madre mía, esto con fabes y sidrina nun fai falta gasolina!*

Ó cal o crego respondía:

—É un regalo. Dá pena vendelo.

—*Que pena ni que diablo!* —interveu un tratante zamorano sacando a navalla— *En la feria no se venden animales envueltos en trapos. Si al burro no le quitan la faja yo mismo se la rajo.*

Arremuíñouse a xente erguendo as varas e as voces tan de repente que o crego sorprendido botouse a andar deixándolle a Cristos nas mans a corda do cabezal, sinal máis que suficiente de que quedaba vendido o animal.

O que ninguén entende é cal foi o motivo para que á media tarde do día seguinte, xusto cando as familias podentes paseaban polo Cantón Grande entre o *palique* e o alterne, aparecera Cristos cunha carga de leña enriba do Pistolas, sen faixa e orneando seguido mentres amosaba escandalosamente a frauta ata máis adiante do embigo!

A represión do espectáculo tan indecente para a vista do persoal levouna a cabo de inmediato o cabo da forza local quen, baixo a ameaza dun severo castigo, berraba insistentemente para que agochase a frauta aquel burro cativo. Cristos, como xa sabía con certeza que na nosa terra por culpa do rabo moitos homes perderan a cabeza, actuou con sabedoría, sereno e sen medo sorprendendo a todo Mondoñedo que desde aquela aumentou a súa fama por todas as feiras de España relatando a destreza dun veciño que contándolle ao seu burro algo no ouvido o animal ao instante reducira o instrumento ao tamaño dun grilo pequerrechiño.

Cantos no mundo permitiron que a xente falara do que eles nunca dixeran e cantos quedan aínda que, de cando en vez, merecían unha trabada pequena na punta da orella para que aprenderan a non estirar a súa fachenda?

Este ano, os cabalos do monte, convencidos de que xa son modelos da televisión, esixen dereitos de imaxe ou do contrario disque ameazan con anotarse na categoría de burros cativos para renderlle

homenaxe ao Pistolas. Non vos pareza disparate porque a maioría deles, imitando e aprendendo das actuais manifestacións da xente, xa andan ensaiando na grea perturbadoras estrofas de orneo asnal coas que pretenden protestar diante da catedral. «Impetuosa música ascendente que provoca una atronadora revolución celeste», diría Juan Ramón Jiménez.

A escola das San Lucas éche do que non hai e non aprende quen a ela non vai!

Publicado en *La Voz de Galicia-A Mariña* o 20 de outubro de 2017

Soños e espertares

CHUS AMIEIRO

Unha noite, cando me fun para a cama e caín nos brazos de Morfeo, o *duende* Chinhaollo apareceu nos meus soños e fíxome vivir cousas inéditas...

Soñei que no concurso de ideas para arranxar o tema da néboa na A-8, a idea gañadora fora convocar á Deusa da Néboa (no meu soño chamábase Fiouca) e o tema quedou solucionado en menos do que canta un galo. Mágoa que non a contratasen para facer o proxecto da autovía, porque outro galo cantaría.

Soñei que vivía nunha cidade: Mondoñedo; pero aínda que as edificacións eran as mesmas, había moitos máis edificios, os do centro estaban restaurados e convertidos en vivendas sociais, había parques cheos de pícaros. Chinhaollo díxome que éramos doce mil habitantes e que éramos unha cidade próspera, con traballo e a diario parecían os días de San Lucas, porque as rúas estaban ateigadas de xente.

Soñei que Amazon elería Mondoñedo para situarse no Norleste e montaba a súa sede na nosa cidade... e con ela, todas as firmas de mensaxaría estaban instaladas no noso polígono e non quedaba por ocupar nin un centímetro cadrado.

Soñei que non exportábamos talento porque neste País había traballo para os nosos mozos.

Soñei que a Constitución se cumpría ao pé da letra e todas as persoas éramos iguais, sen distinción de raza, sexo, orientación sexual ou ideas políticas.

Soñei que os corruptos entraban no cárcere, despois de devolver o roubado.



Sóñei que Isabel de Castro burlaba á garda na Ponte do Pasatempo e que chegaba xusto no instante antes de que lle cortaran a cabeza ao seu marido: o Mariscal Pedro Pardo de Cela.

Sóñei que a Princesa Xila, filla do noso Rei Cintolo se liberaba do dragón que a custodiaba e aparecía na súa cova un home chegado das Terras de Compostela para darlle un doce bico que acabara de romper o encantamento.

Sóñei que éramos... LIBRES.

O peor foi o espertar e dar-me conta, coma na canción de Xocaloma, de que todo fora un soño.

Aínda que na miña almofada apareceron unhas plumas azuis.

Publicado en *La Voz de Galicia-A Mariña* o 21 de outubro de 2017

Sube ao carrusel

FRAN BOUSO

Se seguimos o rumbo que levamos, puidera ser que en mil anos xa non haxa primavera. E tampouco outono.

Para que as San Lucas cheguen á MCCCXLIV edición faltan tantos anos como había en positivo cando ao Mariscal lle segaron a cabeza menos mil e, se cadra, daquela alguén conta unha historia dun tal Merlín que amañaba os paraugas do bispo de París sen citar a fonte.

Pero, se na fermosa fonte segue a correr a auga, no 2500 haberá un carrusel de tres pisos que nas feiras máis antigas do mundo vire e vire sen parar levando ao mozo Ulises nunha viaxe sen fin na compañía real ou soñada de Laertes, Euriclea, Helena, Alción, Alperstor, Xasón, Argos, Enrique e a súa amada Penélope.

Pícaros, mozos e vellos queren subir no carrusel non por xirar, senón por lembrar de xeito inducido como se comía coa culler. Para acumular a afouteza suficiente que permita sobrevivir ao dioivo e poder continuar a esmorga canda uns miñaxoias co ánimo de convencelos de botar os brazos cara diante e converter a fin nun barruzo rompendo coa trosma instaurada co ánimo de chegar, con ou sen présa, máis aló do que estaba previsto.

Escoita. Ninguén vai parar a máquina para que podas subir. Visualiza un punto e pega un brinco. Afibela o cinto, será toda a axuda que atopes. Agora si, unha vez virando e atado a algunha das bases con forma da Venadita de Sinbad, de randeeira de Novo ou cabalo de Alberte Merlo experimentarás sensacións que nunca antes sentiras. Pola túa cabeza pasarán imaxes que nunca viras. Xa te decataches, Xaora! Estás a vivir.

Xa non hai volta atrás. Iniciaches unha viaxe transformadora sen retorno que te conducirá a un lugar do que nunca antes oíras falar, nin viras en ningunha pantalla real ou virtual. Ítaca? As Illas Cotovías? Non sei. Non creo. O nome, neste caso, é o de menos, ou non. Chámalle Liberdade.

Unha vez aló non pares, continúa na procura do xenuíno significado das palabras e dese xeito poderás escapar da realidade tebroza que construíron para ti.

Antes de dar o brinco eras unha persoa saturnina, aínda que ti non o souberas. Decátaste? Comezas a sabelo, sen telo perseguido inicias un razoamento teleolóxico que te transforma nun armante que vai pola vida provocando encontróns impedindo vedas. Ese é o primeiro paso cara a rehabilitación no que en realidade nunca fuches, pero que sempre estivo presente na túa esencia. Xa estás preparado para iniciar unha batalla nada encarnizada.

É o momento, solta a cincha. Enche os petos con mameas e prepárate para unha sobreexposición permanente que provoque desde este intre o inicio da fin do dominio da crioloxía. O parrafeo será a túa principal arma. Esconde as poutas. Deixa de desafiar.

Algún día do ano 2500 haberá alguén que, sen sabelo, estea a contarlle aos seus historias saídas dun maxín que sempre desexou que non se perdera a primavera e que cada outono, polas feiras, se pasea pola Fonte Bela comprobando que o aroma non mudou. Seguro!

Publicado en *La Voz de Galicia-A Mariña* o 22 de outubro de 2017




As «Hamlet» nas San Lucas

FRANCISCO PIÑEIRO GONZÁLEZ

Cal será o motivo verdadeiro polo cal as feiras e festas de As San Lucas mindonienses, nacente nun espazo tan pequeno, chegaron a florecer polo mundo enteiro?

Pois, ao parecer e segundo din os expertos, seica é doado de entender. Simplemente hai que fisgar ao través das regañas envolventes coas que Vizoso aperta e mestura nos seus carteis, ano tras ano, o balbordo da xente entre as greas dos cabalos. Esa fusión resume o trasfondo do asunto xa que o envés do cartel reflicte, a modo dun espello con memoria, a secular contribución dos recursos dos pobos do arredor, símbolos de calidade e distintivo de marca. Eles fixeron posible un Mondoñedo mellor, fantástico para que Cunqueiro o puidese transformar en Elsinor e, con todo dentro: «a xente, o gado, o xardín...». Por culpa do vento, o puidese transportar a Dinamarca sen saír de Mondoñedo. Isto é rigorosamente certo dado que *O incerto señor don Hamlet* naceu no outono de 1958 «cando sopraba o vendaval»; é dicir, arredor das San Lucas cumpre os sesenta por iso de seguro que este ano nas feiras se presenta para celebralos coa xente dos mercados e cos feirantes dos cabalos. Mirade pola regaña e cando o vexades chegar non vos estrañe que un príncipe vos trate de igual a igual pois xa lle deixou dito Cunqueiro, o seu pai, que quen mellor o escoitaría «non sería un oínte letrado senón calquera fregués da súa vila natal ou de calquera aldea de Galicia». E de ningunha outra maneira podería ser! Por algo se chama Hamlet que significa aldea, escrito no idioma dun inglés!

Nos barrios e aldeas dos arredores mindonienses sempre foron moi dados a falar idiomas raros e incluso a viaxar a lugares afastados.



Estas dúas premisas levaron a un rapaz, veciño do Reguengo, a presentarse nas San Lucas de hai bastante tempo cun *chiringuito* no que vendía empanadas de chourizos cun billete de embarque por terra, mar e aire. Así, todo aquel que lle tocara gozaría dunha viaxe de balde.

Aínda que o rapaz falaba mal e escribira fatal: «Paje a encanada de carizos e viaxe de balde a moitos sitios», a xente entendía perfectamente e non paraban de mercar nin de comer, mastigando miudiño para non tragar o papeliño. Cando a sorte do primeiro afortunado quixo que lera o papel atopado no *cogollo* do chourizo, aquel home berrou emocionado e dixo.

—*Me voy a Cuba, chico!*

—A Cuba? —dubidaron todos.

De súpeto anunciaron como destinos Combarro, Portugalete, Grove, Vigo...

Cada premiado recibía un caldeiro cativo para que fosen de balde visitar Portugalete na parroquia dos Remedios; Cuba, en Argomoso; Combarro, en San Vicente; Grove, en Vilamor e Vigo na parroquia de Santiago... todas elas Hamlet ou aldeas cun espazo pequeno pero un mundo inmenso, que xunto cos de outras moitas precisan agora, con urxencia, dunha man rexeneradora que lles devolva a vida e podan seguir contribuíndo a que Mondoñedo coas Feiras e Festas das San Lucas sigan florecendo e espallando polo universo ese misterio de como pode ser que os lugares pequenos cheguen a ser inmensos?

Publicado en *La Voz de Galicia-A Mariña* o 17 de outubro de 2018

A egua somnábula

ANTONIO REIGOSA

A Xosé Vizoso

Lembreime desta historia cando reparei no cartel que pintou Xosé Vizoso para as San Lucas deste ano, composición na que me chamaron moito a atención as figuras de catro équidos, cabalos ou eguas non o sei, de cor azul.

En Mondoñedo cóntase, e xa vén de vello, que polos montes da Toxiza viven desde tempo inmemorial algunhas greas de cabalos de cor azul. Dun azul, din os que entenden de matices coloristas, intenso, tirando a cobalto como o de certa louza de Sargadelos.

Parece que estes animais non se deixan ver, que esquivan todo o que poden o trato cos humanos e mesmo cos outros animais montaraces que andan por alí. Tamén se di que son endógamos, que só se cruzan con semellantes da mesma cor o que por un lado favorece que xeración tras xeración manteñan ese pelecillo monocromo tan fermoso pero expoñéndose a padecer defectos ou enfermidades propias do procrear entre parentes próximos como lles pasaba aos faraóns exipcios ou a tantas familias da realeza europea.

Porén, dimo Xusto dos Campiceiros que foi ferrador e tivo cabalo de posto, os poldros desta raza non presentan ningunha caste de discapacidade física nin psíquica. Ao contrario; cada xeración supera a anterior en habilidades, se cadra tirando a paranormais ou, e este é o caso da egua que vos digo, a de seren somnámbulos, coa particularidade de exerceren como tales sempre, ao parecer, viaxando aos días das San Lucas do futuro.

Cando vivía Farruco da Costa, ilustre personaxe do que falou con coñecemento Eduardo Lence Santar, tamén vivía unha egua desta raza que deixou memoria das feiras que habían vir. Chamábanlle Pegasa.

Parece que o tal Farruco gozaba de capacidades pouco normais pois, disque, era quen de contar os pelos do pelello dun xato nun só golpe de vista e de manter conversación cos animais como se fosen almas cristiás.

Esta tal Pegasa, en conversa con Farruco segundo asevera Xusto dos Campiceiros, contoulle moitas historias das San Lucas de despois e por ela sabemos, por exemplo, que vai haber feiras e festas tal e como son agora ata, cando menos, o ano 2222. Tamén sabemos que esta raza de cabalos azuis descende por liña materna dunha unicornia mocha e que segundo herdaron a cor azul e as capacidades de viaxar ao futuro nos procesos somnábulo tamén lles quedou o de seren moguelos *per saecula saeculorum*.

Nunha desas noites nas que o sono lle fixo viaxar á nosa Pegasa ás San Lucas do futuro tocoulle facelo ata as de 2018. Seica regresou moi alterada da viaxe, tanto que ao día seguinte contoulle a Farruco, a min contoumo Xusto, que vira catro cabalos ou eguas, non soubo distinguir o sexo pois só as viu de fronte, de cor azul entre os moitos que había na feira no Campo dos Paxariños dese ano.

En toda a longa historia destas feiras mindonienses nunca se viran, nin se pensaba que se poderían chegar a ver, eguas ou cabalos de cor azul; dese azul cobalto tan intenso como o dalgunhas vaixelas famosas de Sargadelos.

Será ou non será! Xa veremos, agora que se achegan os días de comprobalo! A min, non obstante, paréceme que no cartel de Vizoso está ben á vista o misterio desta historia!

Publicado en *La Voz de Galicia-A Mariña* o 18 de outubro de 2018



Conversas cun estraño nas San Lucas

FRAN BOUSO

Ceguei ao pregón que pronunciou Antonio López cinco minutos despois da hora que sinalaba o programa de man que reparten para dar coñecemento das actividades que se programan ao longo dos cinco días de feiras e festas e xa non había butacas libres no Auditorio. Moita xente ficaba de pé nos corredores traseiro e laterais do Pascual Veiga, a ocasión ben o merecía pois ter a oportunidade de escoitar ao reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela falar de Mondoñedo e as súas xentes nun día tan sinalado só se dá —polo xeral— unha vez na vida. Digo polo xeral porque Cunqueiro pronunciou o pregón das San Lucas en dúas ocasións.

Decidín ficar ao fondo, por detrás das últimas butacas. Aqueles días padecía unha insoportable ciática que se instalou no meu corpo logo de pasar agachado por algunha das furadas da galería central da Cova do Rei Cintolo. O luns fora ao ambulatorio e déranme unhas píulas que reducían lixeiramente a dor e que me provocaban —iso si que con efectividade— somnolencia e sensación de vivir nunha nube.

Cando López estaba a rematar o saúdo ás autoridades presentes, achegouse a min un home que me resultaba familiar pero que non atinaba a saber quen era. Viña con dúas cadeiras e unha delas cedeu-ma cun xesto de graza. Noutras circunstancias non tería aceptado tal ofrecemento, pero ao acabar o pregón tiña ganas de ir comer o polbo á feira, e se pasaba moito máis tempo de pé en lugar de ir para a Alameda había ter que ir para a cama. As cadeiras eran ben cómodas, a miña polo menos e a do xentil cabaleiro supoño que igual porque eran idénticas; máis cómodas aínda que as butacas daquel



salón, nada que ver coas habituais auxiliares que adoitan colocar en caso de haber abarrote.

Seguía con atención o discurso de López e, cada pouco, o meu novo amigo soltábame algunha chiscadela seguindo o fío das palabras do cabarqués. Que si da barba de Lence: «Éche ben curioso que un home que sempre andaba cunha coitela de barbear no peto, tivera a barba tan longa»; que si dos amoríos de Veiga e Eustorgia... Ata que o catedrático de Dereito Financeiro e Tributario centrou o seu discurso en Cunqueiro, aí xa me perdín porque o señor empezou a laretar de seguido:

«Xa hai tempo que non vexo a Alvarito, a última vez que pasou visitarme foi hai dez ou doce anos. Díxome que se ía para Damasco, atender a biblioteca do Centro Cervantes de Siria. Estaba moi emocionado co posto que lle dera César Antonio Molina pero non sabía como saír da argallada que escribira no curriculum remitido ao ministro. Idiomas: Galego, castelán, inglés, francés e árabe (nivel avanzado).»

A verdade é que o pregón de Antonio era moi interesante pero o que estaba a contar aquel home aínda o era máis. Decidín desconectar por completo do pregoeiro, ben seguro que alguén me había poder conseguir unha copia do discurso, xa o lería, e centreime nas verbas daquel xa enigmático home.

Dinlle unha caixiña con tapa de cristal.

—Se levas isto no peto e colocas no lóbulo da orella esquerda este pendente, haste entender sen dificultade cos damascenos e con calquera outro que se dirixa a ti en calquera dos milleiros de dialectos das linguas arábigas.

No meu smartphone soou a alarma que tiña programada para as nove con intención de lembrarme de tomar a medicación. Collín un blister do peto smoking e salivei ben para favorecerlle o camiño ao medicamento.

Escribírame unha carta, ao pouco de chegar aló, confirmándome o bo funcionamento do remedio que lle proporcionara, o ben que se sentía naquel país que tantas veces tiña imaxinado e iso a pesar

dalgúns problemas que se vivían por aló: desemprego, corrupción, falta de liberdade política e represión.

—Iso sóame —díxenlle eu.

—Xa sei por onde vas, pero non te metas niso agora, os tempos han mudar e non han tardar.

—Imos ver, pero o aparato que lle deches a Cunqueiro que é?

—E logo non o sabes...? E que vai ser, un teléfono móbil coa aplicación do Google Translate e un pinganillo integrado nun pendente.

Hahahahaa! As miñas gargalladas provocaron que boa parte da xente que estaba a escoitar ao reitor xirasen a mirada cara min e puxeran cara de perplexidade.

—E os paraugas do Bispo de París?

Antenas parabólicas que conectaban con diferentes satélites xeo-estacionarios e permitían o fluxo de información determinados días do ano con estacións espalladas ao longo do mundo. O «de sal el sol», se ía ben, podía facer algunhas variacións en determinados fenómenos meteorolóxicos mediante o emprego de tecnoloxía de microondas. O «Mirabilia» empregaba un sistema operativo, hoxe en día moi arcaico, pero cun funcionamento parecido ao dun tradutor intelixente e o «Luceiro», non era máis que un sistema de xeoposicionamento por GPS.

—E por que falas en cursiva?

De repente sentín como alguén me petaba nas costas e vin que no auditorio non quedaba ninguén máis que aquel home vestido de azul que me estaba a falar. Era o municipal que viña pechar.

—Coño Germán, que susto!

—Pero, quedaches durmido?

—Que va! Estaba escoitando o pregón e falando con...

—Anda, levántate, espérame no coche que pecho aquí e lévote para a casa.

Publicado en *La Voz de Galicia-A Mariña* o 19 de outubro de 2018

Lionfante en Mondoñedo

MIGUEL-ANXO MURADO

Chovía mansamente sobre Mondoñedo na noite das San Lucas, con ese delicado arrecendo a herba e terra que desprenden as treboadas dun día cálido de outono, e nunha taberna debatíase a cuestión dos cabalos faladores.

Naturalmente, tratouse o caso do cabalo de Alberte Merlo, do que escribiu Cunqueiro. Pero foron saíndo outros exemplos de bestas vendidas na feira das San Lucas ao longo dos tempos e que nalgún momento dixeran algo, se hai que crer aos donos. Sobre esta insólita locuacidade do equino mindoniense había varias teorías. Mais entón interrompeu un descoñecido que bebía só nun recuncho mentres lle guindaba anaquiños de xamón a un can chosco e vello que aniñara entre os seus pés.

«... Eu trouxen unha vez á feira ao meu cabalo...» comezou o home, que tiña acento estranxeiro. «É un tordo mestizo de húngaro e toscana que comprei na feira de Florencia. É un cabalo de militar, porque non lle ten medo aos disparos e non rincha na noite en tempos de guerra. Non lle ten medo nin sequera ao lobo, e isto comprobei-no aquí, porque atopamos un a pouca distancia de Mondoñedo e nin repelucou... Se o meu cabalo tivo ou non comercio carnal con algunha egua de aquí e de aí veña a estirpe dos cabalos faladores xa non o sei, porque non son tan indiscreto. Mais pode ser. Xa digo, disto hai moitos anos. Lémbrome que estaba rematando un fresco na catedral e non puiden evitar dar a miña opinión, porque son de terra de pintores», dixo o home, poñéndose en pé e collendo o seu abrigo dunha percha. O can púxose alerta.

«E o seu cabalo...» preguntou un desde a barra «fala?».



«Sete linguas perfectamente. E mesmo pronunciou un famoso discurso diante do Senado da República Veneciana... Todo iso está escrito. Eu, se me desculpan, teño que marchar».

E o estranxeiro e o can chosco desapareceron na noite húmida mentres na taberna fíxose un silencio.

Axiña recomezou a discusión, esta vez centrada no que viña de dicir o estranxeiro. Todos sabían o que significaba. Os frescos da catedral pintáranse aló no século xv. A descrición do cabalo non deixaba lugar a dúbidas. Tiña que ser Lionfante, a montura do capitán Fanto Fantini della Gherardesca do que tamén escribiu Cunqueiro. Podía ser que o capitán fose como un xudeu errante que segue a percorrer o mundo?

Falouse o asunto e chegouse á conclusión de que non podía ser, e que o home debía ser un bromista, e a charla acabou cando parou de chover e todos foron marchando para a casa. Ao fondo, chegaba o rumor da verbena. Pero se alguén se chega a pasar por onde estaban recollidos os cabalos que visitaran a feira, tería escoitado un vello cabalo tordo que cantaba, baixiño, unha vella canción toscana: «Siam' venuti a cantar' Maggio...».

Publicado en *La Voz de Galicia-A Mariña* o 20 de outubro de 2018

Felipe de Francos con Cunqueiro nas San Lucas

XULIO XIZ

Eran os días das San Lucas cando Felipe, da Casa de Francos, chegou a Mondoñedo. Felipe era un rapaz da Valuria, que cadra por Castro de Rei da Terra Chá, orfo de pai e nai desde non sabía cando, que gozaba de moi bo pasar protexido por non sabía quen, xa que cando algo precisaba, ese algo aparecía na súa casa, fose comida, diñeiro, ouro! Especialmente ouro.

Nunca se preocupara de indagar o por que de todo aquilo, coidando que os antepasados valuros atoparan a maxia precisa para protexer á súa xente no futuro, nin nunca se lle ocorrera pensar que debía ser o único home do mundo que desfrutaba dunha situación tan privilexiada.

De seu pai non conservaba máis que un fardelo de papeis e libros que nin se molestara en revisar. Ata que un día, a curiosidade fíxolle abrir aquel saqueto e comprobou que todos os libros eran o mesmo: *Xente de aquí e de acolá*, de Álvaro Cunqueiro.

Estrañado por tantos exemplares do mesmo libro, folleouno e atopou unha historia que tiña que referirse a seu pai, Felipe de Francos coma el, que Cunqueiro titulaba «A chaqueta do mouro», onde se falaba dunha chaqueta de ouro (ouro!) que seu pai chegou a ter posta, propiedade dun mouro que tivo que rescatalo para que a chaqueta, co seu vicio de soterrarse, non o levara con ela ao inframundo.

Coidou Felipe que era momento de saber da súa procedencia, e xa que Cunqueiro coñecera ao seu devanceiro, ben podería darlle razón del.

Era outubro, tempo das sonadas Feiras e Festas de Mondoñedo, e pola estrada da Chaira foi cara a Abadín, coidando que lle sería doado atopar a home tan coñecido.

E aló chegou, e o primeiro ao que preguntou por Cunqueiro —un home vestido cunha capa e gran sombreiro— respondeulle: «Pois alí o ten coma sempre, sentado no seu banco, ollando para a Catedral».

Chegou á praza, ollou o banco, veu a Cunqueiro, e xunto del unha parella facéndose unha foto. Agardou a que se foran. Era xa de noite, e Felipe achegouse con moito respecto: Boas noites! Pero Cunqueiro non contestou.

Díxolle quen era, por que estaba alí, que quería saber algo de seu pai... E Cunqueiro, sen dicir nada. Arrimouse a el. Parecía de ferro. Tocoulle. Estaba frío! E entón comprendeu o seu atrevemento ao ir a Mondoñedo, porque seguro que o mouro se decatara da súa intención, e volvera de bronce a Cunqueiro para que non puidera dicirlle nada.

Liscou para a súa casa arrepentido de querer saber, doéndose da desgracia de Cunqueiro, convertido en frío metal pola súa culpa. E nunca chegou a comprender o que pasara, porque a pesar da súa imprudencia, o mouro —valuro, sen dúbida— non o castigou senón que seguiu atendendo de por vida todas as súas necesidades materiais.

Publicado en *La Voz de Galicia-A Mariña* o 21 de outubro de 2018



Camiñamos

XOÁN RAMÓN FERNÁNDEZ PACIOS

Camiñamos, de novo, paso a paso. A lexión dos chamados, camiñamos.

Camiñamos. Coma todos os anos, cando o valentiniano ritmo da páulea voz chama, nós, cara a vella capital, camiñamos.

Outro ano máis volvemos ás festas das festas, á cidade episcopal, á capitalidade da antiga provincia de Mondoñedo, ateigada de romeiros, visitantes e vasalos, porque iso somos nós.

Camiñamos, con entusiasmo, buscando o doce cheiro do polbo, do xamón cocido, dos chourizos á prancha, da carne á grella, do viño, do pan eslavado con férricas augas e amorosamente amasado.

Camiñamos buscando o arrecendo da liberdade que traen os cabalos, eguas e poldros, que baixan dende os montes da contorna, polas encantadas carreiras da Galicia. Seres que nos entroncan co noso pasado, cos contos das meigas, dos pérfidos ananos, dos xigantes de pétreo asubío que noutrora poboaron a Fraga Vella e dos encantos engaiolantes que vagaban por montes, soutos e prados. Xa non camiñan, agora, tan só nós camiñamos.

Camiñamos cara un Mondoñedo que nestas festas é crisol de culturas. A carón dos coiros para os cabalos queda o arrecendo da caoba, do ébano e o sándalo. A carón das estatuas africanas, os agasallos bolivianos, as alfombras árabes, os lombos de porco embuchados, a cachola salgada e o berbequí do seu rabo. O xamón ben curado colga a carón de queixos belgas, de doces berberiscos, infusións indias, chocolates bolivianos e fronte ás especias chegadas de terras de nomes, para nós, impronunciáveis.

Camiñamos todos xuntos, coñecidos, familiares, descoñecidos e xente que nunca máis volveremos a ver. Camiñamos por rúas



ateigadas, por bares repletos ou por unha alameda ateigada a máis non poder, pero por moi chea que semelle, sempre hai sitio para un, dous ou mil máis. As San Lucas son así, cando non colle máis xente, Mondoñedo dilata.

Trouxéronme de pequeno, vin só de mediano e de grande, e agora traio meniña pequena que virá soa de mediana e de grande, que traerá cara a festa, nenos que me acompañen. Todos formamos parte deste río inacabable que cada ano discorre ata a vella capitalidade.

Deixarei de vir cando a morte me reclame, cando dende o máis aló os devanceiros me chamen. Mentres tanto volverei cada ano.

Amigas, amigos, seres reais e inventados, collede as vosas cousas, apurade o paso, que xa chaman dende Mondoñedo e nós, os seus vasalos, Camiñamos.

Publicado en *La Voz de Galicia-A Mariña* o 17 de outubro de 2019

O rato de Cunqueiro

ANTONIO REIGOSA

Despois de casar, Xoaquín Cunqueiro e Xosefa Mora, pai e nai do escritor Álvaro Cunqueiro Mora, alugaron a casa núm. 1 da rúa entón chamada Méndez Núñez, mesmo a carón da Fonte Vella.

A voda celebrouse o 1 de outubro de 1908, poucos días antes das San Lucas daquel ano que resultaron, por certo, coa axuda do tempo, moi lucidas. Houbo fogos de artificio e de aire, cinematógrafo, carreiras de cabalos e un concurso con grandes premios. Tamén foron convidadas cinco mil cabezas de gando, entre elas uns cabalos islandeses ananos que chamaron moito a atención.

De todo o moito e bo que pasou naquelas San Lucas contan con detalle os xornais da época pero non din nada, nin moito nin pouco, deste caso.

Todo comezou, máis ou menos, desta maneira. O novo matrimonio convidou ás San Lucas a un tío de Xosefa, crego de oficio, chamado Patricio Moirón, e un rato da casa de Cachán en canto escoitou que o cura ía de festa, discorreu ir el tamén e viaxou moi aquelado desde Riotorto a Mondoñedo nun peto da sotana.

Queda así acreditado que o rato de Cachán estivo nas San Lucas de 1908 e non costa moito supoñer que lle gustou Mondoñedo e que, despois das festas, quedou. E que segundo foron nacendo pícaros naquela casa foise encariñando con eles ata o punto de acompañalos cando mudaron de residencia a finais da década dos 40.

Non o invento eu. Confirmao o propio Álvaro Cunqueiro en 1968 nun artigo publicado no semanario *Destino* titulado «El ratón en el desván».

Entón, os irmáns Cunqueiro xa vivían na casa que agora se chama Casa-Museo Álvaro Cunqueiro, onde paraba Álvaro cada vez que pasaba por Mondoñedo.

Nunha desas estadías, cando xa estaba deitado no cuarto máis alto da casa, insomne segundo di no artigo, é quen de recoñecer os ruídos que lle chegan aos oídos e que lle resultaban familiares; o vento no bosque de Silva, de quen son os pasos que resoan no patio, o son das campás e, sobre todo, os ruídos do corricar dun rato que anda por enriba da súa cabeza e por debaixo do lousado.

O escritor non se incomoda; ao contrario, recoñéceo e di estarlle agradecido pola compañía que lle fai. E imaxina ou soña que é el quen rende visita ao rato como faría a un antigo e querido amigo, leal compañeiro, para contarlle as súas amargas soidades!

Segue Cunqueiro contando, non o digo eu, que os ratos pasan os invernos —a estación que nace cando acaba o Día das Maulas das San Lucas— en silencio e que nos veráns rexuvenecen.

Se cadra, este supoñer xa é cousa miña, é o mesmo rato o que se escoitou paticar este pasado verán no faio da Casa-Museo Álvaro Cunqueiro! Andará, sigo especulando eu, apurando a provisión de reservas alimentarias para o longo letargo invernal!

Só queda unha dúbida, que non é menor nin intranscendente! Saber se o rato é aquel ou se é outro, seguramente descendente do que veu de Cachán ás San Lucas en 1908!

Fala Cunqueiro e resolve así as miñas dúbidas:

—Cantos anos escoitei eu ese rato! Non ese, claro, senón o seu bisavó, avó, pai...

Parece que todos os ratos son o mesmo, aínda que sexan distintos, na desbordante imaxinación de Álvaro Cunqueiro.

Publicado en *La Voz de Galicia-A Mariña* o 18 de outubro de 2019



Orestes nas San Lucas

FRANCISCO PIÑEIRO GONZÁLEZ

Hai cincuenta anos era eu adolescente feirante nas centenarias Feiras das San Lucas de Mondoñedo, un agasallo permanente que alimenta o orgullo de cantos no mundo sentimos o pracer e o valor de sermos mindonienses. A veciñanza aínda non se repuxera daquela inesperada misiva de monseñor Argaya Goicoechea anunciando a súa urxente despedida nin tampouco descubrira quen podería ser *Un hombre que se parecía a Orestes*, o mesmo que Cunqueiro soltara da man, polo Nadal, nas terras dos cataláns. Todos supoñían pero ninguén era capaz de asegurar de xeito definitivo se o que eles dicían sería Orestes ou o parecido. Desde aquela Mondoñedo aínda sigue no mesmo dilema porque Orestes nunca chega e xa se fai longa a espera nunha cidade onde envellecen as pedras e a terra.

Pero quen o ía dicir! Na véspera do primeiro día das Feiras do sesenta e nove, acurramos a grea dos cabalos nos arredores da Toxiza, ao leste de Tronceda, baixamos cara Viloalle, enfilando o camiño que sobe aos montes de Camba onde deixamos que as eguas e os pol-dros paceran nas nosas leiras, quedando eu encargado de que non se espaxeran. Xuro que a miña intención era cumprir como sentinela pero o cansazo fixo que de súpeto adormecera e non souben de onde demo viñera aquela fatídica tormenta, esmagando o meu sono con raios e tronos coma se nun segundo as centellas e as augas do ceo quixeran vingarse, afundindo e afogando o mundo nos arredores de Mondoñedo. Medio atordado e desesperado atopei refuxio contra un penedo mais de seguido sentín tras de min pasos e berros. Un home enchoupado, posto ás catro patas galopaba coma un cabalo, excitado, bisbando palabras dun idioma tan estraño que, talvez polo medo, eu



non fun capaz de enténdelo. Marchou o home moi anoxado, botándome mil pestes, mentres eu pensaba:

—Ten que ser Orestes.

—Pero ..., que me estás dicindo? —exclamou meu pai mentres recontaba o gando—. A ti vólvente parvo os libros! Mesmo diante dos teus ollos róubanche o poldro desa egua, o das tres mans brancas e unha negra, corre para avisarte un home ás catro patas e ti preocupado se sería Orestes ou o parecido...! Meu fillo, cando aprenderás que para trunfar neste mundo non se pode estar durmido? Menos mal que mañá, na feira, tentarán véndelo! Quérote ver alí, ao amanecer, afinando os sentidos para recoñecer o noso poldro pola cor das súas mans.

Non sei como sucedeu pero había máis dunha ducia de cabalos coma o meu! Todos coa mesma estrela na testa, con dúas palas abertas, todos de orella musgada pero o que máis me abraía era que cando eu me achegaba cruzaban en aspa as patas de diante e rinchaban. Quen os puidera entender! Cunqueiro escribiría unha fábula ou un conto serio máis... pola Virxe dos Remedios, non pode ser! Meu pai e mailo home enchoupado de Camba a galope pola feira!

Cando remataron a carreira cruzaron os brazos en forma de «xe» e daquela espertei e cheguei ao mundo real para contarlle ao meu pai que o cabalo roubado estaba en San Andrés.

—Acaba de dicirme o mudo de Viloalle, o home enchoupado. E ti como o sabes?

—Porque hoxe aprendín que o entenderse neste mundo non depende do idioma senón da apertura mental que ten cada persoa —respondín mentres os cabalos chiscaban un ollo e a maioría dos presentes aplaudían pensando que chegara Orestes.

Quen non o crea que afine os sentidos pois un día destes se non vén Orestes será un parecido.

Publicado en *La Voz de Galicia-A Mariña* o 19 de outubro de 2019

Da fonte dos Pelamios abrolla auga do río Xordán

FRAN BOUSO

Aínda coa emoción no corpo de ter escoitado a Manuel Fariña interpretar uns solos á trompeta duns temas clásicos, decidín que xa era hora de marchar para a casa se quería madrugar ao día seguinte para ir á feira. Ben, en realidade non foi unha decisión persoal, o certo é que a orquestra xa rematara a actuación. Baixaba pola rúa José María Pardo cando me crucei con Chipó:

—Moito madrugas —dixen.

—Te... te... teño que madrugar, vou... vou... vou para o cen... centro de día.

—Pero vas para o centro de día e aínda é de noite!

E seguí baixando a costa ao tempo que botaba man ao peto para mirar a hora no teléfono. As 07.36! Ai si! Esta noite xa vai boa, dixen en voz alta pensando que só o pensaba.

Nos bares da vila estaban os tratantes de gando máis novos agardando a que comezara a feira e de paso baixando algún que outro *chóspiro* e tamén había varios grupos de amigos aos que se lles escapara a noite ao igual que a min.

Xa ía no remate da rúa Progreso cando dobrou a esquina Xosé Ramón. Xotaerre e máis eu tratámonos moito en tempos, de feito somos do mesmo barrio, pero xa levaba anos vivindo fóra e as súas visitas a Mondoñedo cada vez se dilataban máis no tempo polo que fomos perdendo contacto.

—Coño! *Buenos ojos* te vexan! —berrou nada máis verme.

—Que sorpresa! Non contaba contigo por aquí! E logo cando chegaches?

—Vin hoxe, cheguei a iso das dez da noite, comín o pulpo na

Alameda e despois enganchei de carallada con uns e con outros ata agora. E tomarémolle unha, ou?

—Eu ía xa para a casa, pero ben pensado xa non me merece moito a pena se quero ver algo da feira.

—Imos un pouco máis cara abaixo que aínda está aberto o Bodegón.

Achegándonos ao bar, vimos que a porta xa estaba trancada aínda que había xente dentro.

—Estamos cargando as neveiras, oímos que nos dicían desde o interior.

—Pero non se pode mollar a palleta? —preguntou Xosé Ramón.

—Se queredes póñovos algo e podedes sentar na terraza, dentro non, que teño que fregar.

—Que vas querer? —dixo XR mirando para min.

—Eu, auga.

—Auga? A auga bébese na fonte dos Pelamios! Vaite sentando que xa levo eu as bebidas.

—Acomodei nunha mesa que estaba moi próxima á estatua sedente de Álvaro Cunqueiro mentres ollaba coma desde dentro do bar servían o pedido que fixera XR.

A pesar de non haber obstáculo ningún entre a ventá do Bodegón e a mesa na que estaba sentado, XR veu describindo un percorrido un tanto sinuoso.

—Aquí tes, para os dous igual, coma nos vellos tempos: «Roncola para todos».

Maldita gaña que tiña de meterlle un cubalibre a esas horas, pero...

—A auga é boa para as ras e pouco máis, non ves que desfai os camiños?

—Si ho, pero é que a esta hora...

—Nin a esta hora, nin nada, aí tes! Auga na fonte dos Pelamios, xa che dixeran.

—Iso é, ademais como dixo este home —argumentei mirando para Cunqueiro— un día ao ano bota auga do río Xordán.

O XR púxose erudito e con verbosidade chegou a dicirme que o xenio nunca tal cousa dixeran. Sacou un puriño dunha lata de metal e preguntoume se tiña lume.



—Pois non, non levo ningún acendedor enriba.

—Sempre fuches un lambecús! —espetou XR—. Agarda aquí que vou prender o cigarro.

E arrincou pola rúa Afonso VII arriba.

O tempo ía pasando e Xosé Ramón non aparecía. Xa me estaba quedando durmido sentado na cadeira ao carón de don Álvaro cando de repente vexo que o home de bronce xira a cabeza cara a min e comeza a falar.

—Non lle fagas caso a ese, a razón lévala ti. En parte, iso si.

— ...?

—Eu escribín nun artigo publicado na revista Destino que «Cada siete años —lo malo es que no se sabe cuándo hay que comenzar la cuenta— todas las fuentes del mundo, a la medianoche, por un instante, y en virtud de una desconocida ley física de los milagros, vierten agua del río Jordán». Pois logo se a fonte dos Pelamios é unha fonte e esta neste mundo, da fonte dos muíños brota auga do río Xordán, pero non unha vez ao ano, senón unha vez cada sete anos.

O ruído dunha moto que andaba a repartir os xornais fíxome volver en min. Mirei ao meu arredor e non había rastro do XR, nin dos dous vasos de tubo. O que si vin foi a un home alto, forte, calvo e de perilla ao pé da porta da libraría de Alvite con lapis nas orellas e no peto da camisa en actitude de debuxante. Tamén vin que no centro comercial da praza da Catedral xa acenderan a luces. Sentín fame e decidín ir almorzar algo antes de subir cara o Campo dos Paxariños.

Entrei no centro comercial e fun á cafetaría que hai ao fondo a ras de chan.

—Buenos días —dixo o camareiro—. *Que le pongo?*

—Tes chocolate con churros?

—No, no tenemos. Bueno, tenemos helados con sabor a chocolate con churros, si quiere ahí en la entrada se lo dispensarán.

Xeados con sabor a chocolate con churros... Non era o que andaba a procurar, pero foi co que me tiven que ir.

Publicado en *La Voz de Galicia-A Mariña* o 20 de outubro de 2019

Soños sanluqueiros

FRANCISCO PIÑEIRO GONZÁLEZ

Un pobo non morrerá xamais se a súa veciñanza sabe cultivar, poñer en valor e ofrecer ese algo misterioso e singular que atrae e o distingue dos demais. Esa atracción talvez agoche a razón pola cal veciños e visitantes de dentro e fóra da comarca da Mariña elixen as feiras das San Lucas de Mondoñedo como evento ideal para reencontrarse con familiares, amigos e coñecidos pois así vén sucedendo dende hai máis de oitocentos anos consecutivos. Non é doado cociñar tantos soños colectivos.

Nin o virus da gripe española, que aló polo 1918 xa matara a máis de trescentos milleiros de persoas, foi capaz de impedir que ás San Lucas do ano 1920 asistise máis cantidade de xente que ningún dos anos precedentes.

Agora, cando toca celebrar o centenario desa data tampouco será doado xa que por desgracia tamén padecemos pandemia polos efectos doutro virus malvado, pero os mindonienses soñamos con unir esforzos e superar resultados porque «En Mondoñedo se permite soñar». Así o escribiu Cunqueiro dando a entender que a única receita válida para solucionar os problemas consiste en cociñar e saborear a fantasía, prato ao gusto da maioría debido a que os soños son semente de liberdade, non entenden de diferencias nin de clases sociais mais o seu sabor depende da realidade que rodea ao cociñeiro que os prepare.

Os cociñeiros de soños sanluqueiros xa eran famosos antes de que os encantos das terras mindonienses namorasen a todo o universo grazas á xenialidade de D. Álvaro Cunqueiro, prestixioso escritor e ao mesmo tempo tan humilde, que chegou a dicir «En mi tierra

hasta los locos me tratan de tú». Sería certo pero nin todos naceron co mesmo talento nin tampouco fai o mesmo efecto soñar durmido que soñar esperto.

Hai cen anos os pícaros cociñaban soños medrando á présa, comendo pouco para andar lixeiros e nalgúns casos amasaron cos seus propios pés soños de barro senlleiros que acababan no forno do lume convertidos en púcaros galanos para que outros comeran sopas con leite o un pouquiño de caldo. De merenda? Bocadillo de aire gordo porque tiña máis resistencia e de compango auga da Fonte Vella onde cada tardiña aparecía unha muller rara lavando o diñeiro que gañara vendendo empanadas polos arredores da feira. A lavandeira dos cartos era unha muller de vontade cativa para soltar a propina ou o aguinaldo pero os rapaces tiñanlle estima pois coas súas manías á hora de pagar a xente dicía que espantaba o mal. Nunca deixaba entrar a ninguén na casa. Pechaba a porta, subía ao cuarto e cun cordón descolgaba pola fiestra unha pequena saqueta branca na cal viña a conta e algunha sobra, todo en moedas envoltas nunha folla dun xornal do 1920 no que se podía ler «AGONÍAS CON CHAMPÁN».

Na adolescencia a maioría dos rapaces xa cociñaban a súa vida con herba da fantasía, herba que medra anainando nos soños tapados coa néboa ata que abren os ollos cando a natureza pregoa as famosas feiras das San Lucas, a mediados do outono. Daquela nos tellados da cidade amarelo-vermella reflíctense as cores coas que se rende agradecida homenaxe aos cabalos salvaxes que baixan das serras dos arredores. E así, naquel 1920 deixaron demostrado que os soños non dependían da predición dos agonías, persoeiros ancorados aos tempos antigos, sentinelas dos versos *Do ermo* cos que Noriega Varela rexeitaba o progreso porque saltaba as cancelas derrubando os valados protectores do máis sagrado como sempre fora o viño, compañeiro do pan, que xusto nese ano pretenderon cambialo por unha nova bebida galega denominada *champán*... Canta derruba se ve pregoando o que non é.

Actualmente a ninguén sorprende que se congreguen riadas de xente diante da catedral para ver os cabalos mesturados coa luz do

rosetón como se regresáramos aos míticos tempos dos cabalos alados, gardiáns do sol, que baixaban do ceo para celebrar as feiras de Mondoñedo. Ninguén sabe explicar de onde sae tanta xente. Algúns cren no segredo daqueles vellos feirantes que, apoiándose no caxato, fican moito tempo parados, lendo e rememorando o pasado ao través dos ollos dos cabalos. Disque non hai mellor espello para contactar e conversar cos familiares ou amigos ausentes. Incluso aseguran que soben e baixan do ceo no coche de Botes, un autocar focense con baca ateigada de bancos corridos, cargados de sanluqueiros, que protestaban iradamente cando o autocar paraba para recoller máis pasaxeiros. O revisor contestaba:

—Arriba, arriba que ata o ceo todo é coche. Se daquela xa tiñan accesos ao ceo enténdese que buscaran cotas tan altas para trazar a autovía. E agora dirán que xa o sabían. Pura fantasía.

Así que por moitas agonías que ás feiras lles dediquen anunciando a súa morte, os compoñentes das comisión de festas, novos cociñeiros de soños, tiveron e teñen presente que sempre haberá un mañá mellor ca onte.

Que así sexa.

Lembranzas dunha máquina de escribir

MIGUEL GONZÁLEZ SOMOVILLA

Tradución de Antonio Reigosa

—*A peste! Trouxérona os comediantes! A peste moura de Italia!
O amor traguía a peste nos ósos! Mirade a morte! A peste! A peste!*

Álvaro Cunqueiro. *As crónicas do sochantre*, 1956

Eu era ao corrente de todo. Era a primeira en coñecer os pensamentos daquel home «alto, diabético e sentimental» que ás veces, cando se quedaba atascado nunha liña, enganábanme con lapis e plumas para continuar a súa andadura literaria. Por iso lembro, coma se fose hoxe mesmo, a tarde en que Cunqueiro me ditou (é un dicir) as últimas páxinas da novela que mencionei ao comezo, na cita introdutoria. Correspóndense co momento no que, segundo os papeis do sochantre de Pontivy, se organiza a representación de *Romeo e Xulieta* no claustro de Comfront e o medo á praga percíbese a través das voces do coro.

—*A peste está en Verona!*

Son unha máquina de escribir xa centenaria. Arrastro moitas páxinas no meu rolete e hai varios decenios que non escribo, pero leo e escoito coa mesma atención que o primeiro día. Agora, vella e anugallada como Felipe de Amancia, volvín a Mondoñedo, ao faiado do antigo fogar dos Cunqueiro —agora Casa Museo—, con vistas á catedral se miro pola ventá do dormitorio. Non sempre me é doado desprazarme. As escaleiras do estreito e labiríntico edificio son perigosas a certa idade e, ademais, estiven illada nunha vitrina de metacrilato desde que volvín á miña antiga casa. Ocorreu en 2019,

meses antes de que un coronavirus, o Covid-19, aconsellase, como no pasado, o confinamento dos humanos. Como Armando Requeixo e a xente que garda o museo —a quen agradezo de corazón o rescate dos meus restos, doados xenerosamente polos herdeiros de don Álvaro— pensan que son un obxecto inerte, desconectado da realidade, polo momento libreime da máscara e os desinfectantes. Sufro, iso si, outras consecuencias: recibo menos visitas que antes e escoito menos conversas por mor da pandemia.


Veño de lonxe, como Merlín, e aínda que non gozo das súas mañas máxicas, teño a honra de ter enfiado, golpe a golpe, pulsación a pulsación, os seus paseos pola selva de Esmelle e as terras de Miranda. Creáronme na Siracusa neoirquina a principios do século xx, nunha empresa —Smith Brothers— que mudou armas por letras en 1889. Os meus construtores, unha familia de catro irmáns, deixaron de fabricar pistolas e comezaron a deseñar teclados. Non son a primoxénita, pero si a máis perfecta. Vin a luz deste mundo en 1908. O meu modelo, o número 10, púxose de moda naquel momento e recibín distincións —o Gran Premio de París— incluso en Europa. Os meus fabricantes lanzaron trescentas unidades ao día, segundo a publicidade da época, e nun deses lotes aportei en España. Os meus distribuidores en Madrid —José Leblanc— e en Barcelona —Pablo Rienaeker, Otto Streitberger— anunciáronme como «a mellor máquina de escribir do mundo».

En 1916 cheguei a Mondoñedo, a onde regresei, como dixeran, en 2019 despois de varios lustros de exilio en Vigo. Como tiveran a sorte de pertencer ao escritor Álvaro Cunqueiro —que me herdou do seu pai, Xoaquín, o farmacéutico—, podo rememorar, a través do seu testemuño, as doenzas que sufriu o meu cansado carro nos anos sesenta do século xx. Foi nos días en que rematamos as cento setenta páxinas de *Si Sinbad volvease ás illas*, un libro que as miñas compañeiras de gremio, as rotativas dos talleres gráficos de *Faro de Vigo*, imprimiron o 15 de decembro de 1961. Contáballe Cunqueiro ao seu gran amigo Francisco Fernández del Riego nunha carta datada en Mondoñedo o 20 de xullo de 1960, misiva que tamén pasou polas miñas teclas:

Ontes din a copiar e farán tres copias, o *Sinbad*. A miña vella Smith Premier n.º 10 vai dada. Terei que ver de mercar con urxencia unha nova máquina. A Smith brinca, non podo apurar, desaliña, etc. Mercouna o meu pai o 1 de agosto de 1916. E o primeiro que escribiu foi unha carta a miña nai.

Debo agradecer a Cunqueiro, que non me retirou ata que os meus case catorce quilos de peso e as miñas considerables dimensións ($38 \times 35 \times 26$ cm) non soportaban xa o ímpeto e a velocidade dos seus dedos, o agarimo e o recoñecemento que sempre me regalou, eloxios dos que deixou mostras en diferentes ocasións. Confeso que tiven unha longa e frutífera existencia. Pouco despois de me desempaquetar en Mondoñedo quedei abraiada coa terrible gripe de 1918, que cobrou cincuenta millóns de vidas en todo o mundo e obrigou a suspender As San Lucas ese outono, como estivo a piques de suceder en 2020.

Álvaro, nacido en 1911, era neno en 1918, pero Eduardo Lence Santar, personaxe barbudo e solitario ao que tiven o pracer de coñecer, xa servía como cronista oficial da cidade. Tamén souben entón da morte de Fernando Pérez Fontán, xuíz de Mondoñedo entre 1914 e 1918, que finou en outubro dese ano debido á epidemia. Expiroou tres días antes da súa muller, en Burgos, onde se mudaran os dous en xullo. Tiven noticias destes sucesos cando ocorreron, pero conmoveume que os evocara non hai moito no seu blog Antonio Reigosa, actual cronista mindoniense, un home sabio que vexo aquí a miúdo. Nunca esquezo, por moi máquina que sexa, que detrás das estatísticas sempre hai xente, vidas inesperadamente truncadas, como as de Pérez Fontán e a súa muller, Avelina Díez de Ure. Segundo o publicado en *La Voz de Galicia* por Martín Fernández Vizoso, xornalista que leo no meu retiro para ilustrarme sobre a historia da Mariña e as aventuras dos meus contemporáneos, a gripe de 1918 deixou cinco mil mortos na provincia de Lugo e preto de cento oitenta mil en toda España, entre 1918 e 1920. Esta última cifra é da miña colleita, que me afixen a remexer en Google, con perdón. O *Espasa* nunca mo perdoará.



O meu señor, amo e mestre Álvaro Cunqueiro non escribiu as súas memorias, pero o seu traballo xornalístico —publicado durante medio século, entre 1930 e 1981— é «un xornal inmenso», na feliz expresión do seu fillo César. Dou fe diso, aínda que sexa xuíz e parte en certa medida. Lembro moi ben que algúns dos autores predilectos do meu dono, eses a cuxos libros volvía unha e outra vez, foron mestres do xénero, *diaristas* de primeira orde. Figuraron nesa lista dende os seus admirados Michel de Montaigne e Samuel Pepys ata Élisabeth Gramont, duquesa de Clermont Tonnerre. O seu *Almanach des bonnes choses de France*, moi eloxiado por Cunqueiro, é unha xoia literaria anotada mes a mes coma se fose un dietario de sublimes curiosidades gastronómicas. O *Diario del año de la peste* de Daniel Defoe —en realidade unha reconstrución posterior, publicada en 1722, da epidemia que azoutou Londres en 1665— tamén tivo a simpatía do meu señor mindoniense. Sei que o seu fillo César aínda conserva o exemplar paterno do diario de Defoe. Da súa pluma, ademais de *Robinson Crusoe*, saíu unha inquietante *Historia del Diablo*. É ben coñecido o interese de Cunqueiro polos anxos e os demos, de aí que tivese escoitado citar esta última obra de Defoe en moitas ocasións.

Álvaro Cunqueiro, asegúrollelo, estaba dotado dunha especial sensibilidade literaria para transitar polos territorios da saúde e a enfermidade, que percorrín con el centos de veces. Non en balde, recreou boa parte da súa longa nómina de menciñeiros e doentes no meu dobre e lendario teclado de maiúsculas e minúsculas. Á parte de *As crónicas do sochantre*, en varias das súas novelas —dende *Las mocedades de Ulises* ata o *Fanto Fantini della Gheradesca*— hai ecos de epidemias antigas. A peste, que causou tantas mortes, puxo a proba a Michel de Montaigne, moi aprezado por Cunqueiro a pesar de que o francés desprezaba a Frei Antonio de Guevara, outra das referencias do meu señor. O autor dos *Ensaio*s fuxiu de Burdeos en 1585, onde era alcalde da cidade, e vagou coa súa familia polos campos e vilas ata que pasou o perigo. Pepys, en cambio, enviou aos seus parentes fóra de Londres en 1665 e el permaneceu na capital

británica mentres durou a epidemia. Describe o horror nos seus *Diarios*, pero a traxedia non lle impide gozar das ostras en escabeche, do pastel de montesina e dos cartos e comisións do Almirantazgo, segundo anota con sorprendente detalle. En plena traxedia, *hypocrite lecteur*, ata os seres máis preclaros amosan os seus medos, o seu egoísmo, as súas debilidades, o seu amor, o seu cinismo, os seus desexos, as súas miserias, as súas bondades...

Nos centos de artigos que Cunqueiro sacou das miñas entrañas —cando se foi a Vigo tiven que compartir os honores cunha pequena Remington e a Olivetti do xornal— hai varios sobre a peste. Aconselleille ao meu amanuense, un xornalista de *nación allea* que se chama Miguel Somovilla, o rescate dunha columna que deixou fóra da súa antoloxía *Al pasar de los años*, un libro que recomendo encarecidamente por unha razón: eu saio xenial (e máis nova) nalgúñas fotos, incluso na portada. Trátase dun texto publicado en 1972 en *Tribuna Médica*, «La peste de 1983», unha desas distopías que se lle ocorrían ao meu amo con moita frecuencia. Non deixen de lelo coma un galano, pois era un artigo inédito en libro ata agora.

Despídome por hoxe, queridos lectores, non porque me esgotase a cinta bicolor senón por falta de espazo. Sei con certeza que Fran Bouso, abnegado director do colexio Rosalía de Castro de Bóveda, en terras de Lemos, e outro dos meus bos amigos mindonienses, lle dixo a Somovilla que non superase os tres mil caracteres —prefiro medir en matrices, como nas linotipias— e a estas alturas xa dobra o encargado: sempre lle pasa o mesmo, alóngase. Consecuencia: hai que cortar polo san, así que espero que me dean outra oportunidade máis tarde. Á fin e ao cabo, se Francisco Umbral —que parafraseaba a Valle-Inclán para definir a Cunqueiro, como sinalaba ao principio sen citalo: «alto, diabético e sentimental»—; se Umbral, díxennos, se deixou fotografar espido detrás dunha sinxela Lettera 32 de Olivetti, ou se Paul Auster lle dedicou un pequeno libro —ilustrado con debuxos de Sam Messer— á súa Olympia portátil, ben merezo eu, a raíña das máquinas de escribir, un chiscar festivo da xente das San Lucas, feiras centenarias das que tanto falamos o meu amo

e unha servidora nos xornais. Modestia á parte, faríame feliz saír ao balcón e que a banda de música interpretase desde a praza, na miña honra e na de Cunqueiro, a famosa peza de Leroy Anderson, *The typewriter*, comigo nos teclados. Co permiso de Pascual Veiga, por suposto.

Delirios á marxe, e xa moi en serio, desexo con toda a miña alma que superen vostedes esta pandemia canto antes —todo pasa, sabe-reino eu—. Só me queda invitalos a que visiten o museo e que me boten unha ollada de cando en vez. Son a dama vestida de negro xunto á fiestra, moi preto do refuxio dos paxaros. Dos orificios da súa caixa máxica sae o trino do cuco, a cuxo primeiro canto no bosque de Silva lle dedicábamos, don Álvaro e eu, un artigo memorable. O meu amo, tan teimoso coa melodía do cuco como Lence Santar coa floración dos caraveis no seu horto, cría que o evento era digno de ser o titular da portada de *El Progreso*, pero nunca conseguiu superar as páxinas pares. Eu, na miña *soledad sonora*, aínda non perdo a esperanza de que se cumpra o seu soño mil primaveras máis.

La peste de 1983

ÁLVARO CUNQUEIRO

Transcripción e notas de Miguel Somovilla

James W. Soft, amigo de los primeros mormones, pero luego apartado de ellos tras una visión que tuvo en Kollihee, Kansas —un rancho al que llegó pidiendo albergue a la misma hora en que morían el matrimonio propietario y sus siete hijos, a los que enterró—; Soft creyó encontrarse ante el inicio de la peste final, aquella que iba a borrar las humanas generaciones de la faz de la tierra, e invocó al ángel de la muerte, el oscuro y ubicuo Azrael. No, no era la peste final, la peste que vuelve azules a los hombres antes de que rindan el último suspiro. Esa peste vendrá en el año de 1983¹. Los apestados comenzarán poco a poco a tomar un intenso color azul y engoradaran, hincharán mejor, hasta tomar, adquirir la forma esférica. Con lo cual, como balones hinchados con oxígeno, se elevarán por los aires y desaparecerán en el espacio. La tierra, libre de humanos, será poblada otra vez, con gentes pacíficas y religiosas, por el Creador... Hacia 1891, Soft tuvo una nueva visión, en la que le fue revelado que los justos que viviesen en la tierra en 1983 no serían condenados, «y sus hijos e hijas se unirían con las hijas e hijos del nuevo Adán». Durante nueve años, los justos no se alimentarían con productos terrenales, sino con «pan alado», una especie de pan con alas, de pan en forma de mariposa, que Soft llamó maná,

1 Este artículo se publicó en el semanario *Tribuna Médica* el 21 de julio de 1972. Los personajes y lugares estadounidenses citados por Cunqueiro parecen imaginarios. Todas las búsquedas realizadas para corroborar su existencia han sido infructuosas, aunque con Cunqueiro conviene dejar siempre una puerta abierta a la duda. Esta es la primera vez que el texto, no recuperado desde entonces, se incluye en un libro.

como el alimento de Israel en el desierto, tras la salida de Egipto, y que caería del cielo. Más adelante, Soft, que había sido panadero en Filadelfia, tuvo una visión en la cual aprendió que el maná puede hacerse en la tierra, y que él mismo debía hacerlo y enseñar a otros a hacerlo para que subiese maná suficiente para los justos en 1983... Como se pueden imaginar, estuvo a punto de nacer en los Estados Unidos una de las industrias alimenticias más importantes del mundo.

Pero Soft sólo tenía adeptos entre pequeños campesinos, a los que suministraba el maná de su horno, fabricado con harina de maíz, comino y sangre de paloma. Los campesinos suministraron a Soft el suficiente maíz para que éste pudiera vender, el año 1901, dieciséis vagones de grano para la caballería del Ejército norteamericano, maíz sobrante de la elaboración del maná. Soft construyó una terraza en Kolliee, desde la cual los justos de 1983 verían elevarse en el espacio a los pecadores transformados en globos azules. Bajo ella estaba su horno y la casa en la que vivía con siete mujeres dedicadas a lavarlo, peinarlo, perfumarlo y hacer la pasta del maná... Soft en los últimos meses de su vida —predijo que moriría el 7 de enero de 1905, y así fue, a las trece horas— solamente se alimentaba de maná, con lo cual llegó poco a poco a una perfecta transparencia. Era como un cristal antropomorfo y barbiblanco que circulase por la pradera.

Parece ser que quedan en ciertos lugares del Middle East americano algunos adeptos de Soft, que siguen alimentándose de maná, esperando el año 1983, y si sólo se alimentan de maná cuando «escuchan» que van a morir, se vuelven transparentes como Soft... También se volverán transparentes los justos que se alimenten de maná en los nueve años anteriores a la peste azul. Como ustedes saben, la bromatología religiosa es muy compleja, con sus alimentos rituales y los vedados, ayunos, etcétera. A Balzac le preocupaba el tema, y nos ha narrado las experiencias realizadas en un club londinense —aunque en este caso experiencias simplemente bromatológicas, no de índole religiosa—, en su ensayo sobre los

excitantes modernos². Cuenta Balzac que tres hombres se prestaron en Londres a la experiencia de alimentarse cada uno de ellos exclusivamente de chocolate, té y café, respectivamente. El que se alimentó de chocolate solamente fue el primero que murió [«después de ocho meses»]. Comenzó a pudrir, y sus miembros «se le desprendían como los suyos a la monarquía española». (Balzac se refiere a la independencia de la España americana). Resistió algo más [«duró dos años»] el que solamente se alimentaba con café, pero ennegreció, sus miembros se retorcieron, y al final pereció, como quemado el cuerpo, una raíz vegetal retorcida y chamuscada. El que más tiempo vivió de los tres [«sucumbió al cabo de tres años»] fue el que se alimentó con té. Adelgazó prodigiosamente, y al cabo de tres meses alcanzó la transparencia. Tanto que, colocando una vela encendida ante su pecho, la luz lo atravesaba y un *clubman* sentado a sus espaldas podía leer el *Times*. Si la transparencia bastase para la salvación de la peste de 1983, podíamos alcanzarla por medio del té, sin necesidad de la receta softiana del maná. Claro que, al mismo tiempo, habría que ser un hombre justo, y esto parece que no pueda conseguirse con medicinas.

2 El *Tratado de los excitantes modernos*, de Honoré de Balzac, se publicó en 1839, como apéndice a una nueva edición de la *Fisiología del gusto*, de Jean Anthelme Brillat-Savarin, obra gastronómica de referencia aparecida por vez primera en 1825. Según el relato de Balzac, aunque Cunqueiro elude este detalle, los tres hombres que aceptaron participar en el ensayo estaban condenados a muerte y, para evitar la horca, aceptaron esta curiosa alternativa, que acabó igualmente con sus vidas. Hemos añadido entre corchetes el tiempo que duró la existencia de cada uno de ellos en la ficción de Balzac, dato omitido por Cunqueiro.

Chus Amieiro

Nacín en Mondoñedo no ano 1972. Dedícome a hostalaría recollendo a herdanza familiar, rexentando un restaurante que os meus pais fundaron hai corenta anos. Fixen realidade o soño da miña vida, restaurando a casa na que nacín e así viu a luz A Casa de Mañas como turismo rural.

Alí uno a profesión e a devoción, organizando varias veces ao ano recitais de poesía e música. Gosto de escribir poesía e participei en varios libros colectivos: *Alén do silencio*, *Un libro de libros*, *Literarte e Mesturas*.



Fran Bouso

Fran Bouso (Mondoñedo, 1976). Mestre especialista en educación musical e director de centros de ensino público. Aos doce anos iniciouse no ámbito da dinamización cultural a través do asociacionismo, labor que continúa na actualidade impulsando, dirixindo e coordinando iniciativas coma *A noite de Merlín*, *Sábados de Vagar*, *Mondoñedo é... Poesía*, *Voces da Paula*, *Premio Mondoñedo*¹⁰...

Na súa faceta de músico, formou parte como clarinetista da Banda de Música Pascual Veiga, Orfeón de Obreiros, Coral Municipal de Monforte e colaborou ocasionalmente con outras formacións como a Orquestra Clásica de Xove. Con voz e guitarra ten participado nalgúns certames interpretando cancións da súa autoría ou adaptadas por el.

Sendo adolescente, iniciou unha estreita relación con diversos medios de comunicación tanto escritos (*El Progreso*, *La Voz de Galicia*, *Faro de Vigo*, *El País Semanal*,



Mondoñedo...) como radiofónicos (Ser Mariña, Cope de la Costa, Radiovoz...). Despois de rematar os seus estudos universitarios estivo un tempo dedicado profesionalmente ao eido da comunicación.

Exerceu o cargo de Técnico de Cultura no concello de Mondoñedo a cabalo entre a fin do 2.º e o arranque do 3.º milenio, labor que compatibilizaba na mesma institución coa de responsable de comunicación, protocolo e secretario particular da alcaldía.

Pronunciou conferencias e pregóns como o das feiras e festas das Quendas (2014) e Feiramostra

Os Muíños (2016) e exerceu de condutor de varias dúcias de actos culturais e sociais.

No ámbito da dramaturxia, adaptou e dirixiu *A mitra de fero ardente*, orixinal de Galo Salinas Rodríguez (A Coruña, 1891) e participa como actor amador nas compañías Teatreiras e Viraventos, ámbalas dúas de Monforte de Lemos.

No eido literario, ten coordinado e participado en diferentes publicacións, esencialmente de temática mindoniense, como *Palabra de amigo* (Monfadal, 2003), *Cine Mondoñedo* (Fonmiñá, 2017), *Juan Puchades Quilis. Mestre de Artistas* (Tá en artes, 2018), entre outros. Tamén foi convidado a participar en diversas presentacións literarias.

Comezou a súa actividade profesional como docente no IES Álvaro Cunqueiro de Vigo hai 22 anos. Despois de traballar en diversos centros de ensino da área metropolitana viguesa durante tres cursos, trasladouse á Ribeira Sacra, lugar no que continúa na actualidade desenvolvendo o seu labor como mestre.

Antón Caxoto

Antón Caxoto (Antón Xosé Díaz Valle) nace en novembro do 1971 en Viladesuso, lugar do concello de Cervo na provincia de Lugo. Ten recordos de debuxar dende moi pequeno en soportes tan extraordinarios como as paredes do seu dormitorio nas horas de sesta obrigada, ou no mármore da mesa da cociña cando o pai regresaba da costeira do bonito.

Cursa estudos no Instituto San Rosendo de Mondoñedo onde, da man do mestre Juan Puchades, aprende a amar sen límites o debuxo.

Estudia arquitectura ao tempo que imparte clases de Xeometría



e Debuxo como mestre, tanto a nivel particular como nun colexio concertado. É durante esta época cando se adentra no mundo da acuarela, que xunto co seu dominio da perspectiva, o afán polas caricaturas e a paixón polas viñetas, converten a Antón no «Garabateiro» que hoxe é. Publica viñetas de actualidade dende 2011, en Facebook [Garabatos (caxoto)] e esporadicamente en prensa.

Colaborou con Fran Bouso (escritor mindoniense) como ilustrador dos textos da entrada semanal «O Outeiro de Mondoforte», en *La Voz de Galicia-A Mariña*.

Colabora coas súas ilustracións en diversas publicacións, destacando as realizadas durante os últimos tres anos xunto con diferentes escritores para As San Lucas de Mondoñedo, artigos publicados tamén en *La Voz de Galicia*.

Expuxo acuarelas en Madrid (oficinas CanalCom), A Coruña (Casa Museo Casares Quiroga, Colectiva nos Xardíns Méndez Núñez), Cervo, Mondoñedo, Betanzos, Brión... Traballa como arquitecto para unha empresa nacional.

Xoán Ramón Fernández Pacios

Licenciado en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago de Compostela. Dende o ano 2008 desenvolve a súa actividade profesional no Centro de Información e Interpretación do Camiño Norte de Mondoñedo.

Apaixonado da investigación histórica ten colaborado en revistas como *Estudios Mindonienses* (2005 e 2007), *Ad Límina: Revista de Investigación del Camino de Santiago* (2011, *Bolanda: Cadernos de Estudos Focegos* (2003 e 2010), *Candea Branca* (2017 e 2018), *Revista de Historia Naval* (2019), *Terras do Ortegal* (2020) e *Nova Ardentía* (2020).



Así mesmo ten publicado os seguintes libros: *O Camiño de Santiago na Mariña Lucense* (2004), *San Gonzalo: Bispo Mindoniense* (2008), *Hospitalidade e peregrinación. O Camiño do Norte na Mariña Luguesa* (2009), «O Camiño Norte: Patrimonio Documental», *Actas del Congreso El Camino de Santiago para el siglo XXI* (2010), *O Camiño do Mar* (2011).

Durante dous anos mantivo no xornal *El Progreso* a sección «Mar de Mortos» e actualmente mantén a sección «Historias da Mariña» onde aborda diversos temas históricos da Mariña de Lugo.

Xe Freyre

Mondoñedo, 1962. É autor de traballos de investigación histórica —normalmente relacionados con Mondoñedo— literaria e de promoción turística. Colaborador habitual na prensa galega, os seus traballos (artigos, reportaxes, entrevistas, críticas...) están espaxados por numerosos xornais e revistas do país. Abordou tamén o guión documental.



No tocante á creación literaria, ten publicado relatos e unha novela breve. *Cando o gato mira de esguello* foi a súa primeira novela longa.

Miguel González Somovilla

Arriendas, Asturias, 1956. É xornalista. Foi director de Comunicación na Real Academia Española (RAE) desde 2010 ata 2017. Anteriormente estivo en distintos xornais (*La Nueva España*, *Cambio16*, *Asturias*, *La Voz de Galicia*, *El País*...) e exerceu como xefe de Cultura (1990-1996)


e director de Comunicación (2004-2008) en Radio Televisión Española (RTVE).

Interesado desde hai tempo polos traballos e a vida de Álvaro Cunqueiro, publicou en 2020 *Al pasar de los años* (Biblioteca Castro), antoloxía da obra xornalística en castelán do escritor mindoniense. Anteriormente, en 2011, escribira os prólogos para a edición das obras literarias de Cunqueiro en español, impresas en dous tomos pola mesma editorial. En 2011 recibiu o Premio Pérez Lugín, concedido pola Asociación da Prensa da Coruña, polo artigo titulado «Cunqueiro: del canto do cuco al tuit».



Antón Xosé Meilán García

Mondoñedo, 1950. É profesor Emérito Honorífico da Universidade de Oviedo (2020-2022). Licenciouse en Filoloxía Románica, Lingua e Literatura na mesma Universidade. Pola súa tesíña *Arcaísmo y conservadurismo lingüístico en el Concejo de Castropol* (1979-1980) recibe o premio extraordinario de fin de carreira. Entra no Departamento de Lingua Española, de corrente funcionalista, no que desenvolve toda a súa actividade docente e investigadora e doutórase coa tese *La oración simple y compleja en la prosa castellana del siglo xv* (1989). É neste campo da gramática histórica onde desenvolve a maior parte da súa investigación, estudos gramaticais que tamén leva a cabo en sincronía, así como no galego de Asturias, no que compre destacar o artigo «Aspectos diacrónicos e sincrónicos do galego de Asturias» na *Revista de Filoloxía Asturiana*, 2011. Pola súa procedencia, publicou traballos



sobre escritores mindonienses e a figura do mariscal Pardo de Cela, entre outros, «Os últimos días do Mariscal (O testamento e a Igrexa mindoniense)», en *Cadernos do Seminario de Estudos do Valadouro*, 2019.

César Morán

Escritor e músico. Estudou Filoloxía na Universidade de Santiago. Foi profesor asociado da Universidade da Coruña entre 2005 e 2010, e Catedrático de Língua e Literatura Galega no IES Agra do Orzán da mesma cidade.

Combinou música e literatura e colabora en revistas e outras publicacións periódicas.

Foi membro fundador de Agra, o primeiro grupo de jazz-rock com raíces folclóricas, e compuxo música para teatro e televisión, traballando co grupo Troula e co Centro Dramático Galego.

Entre as súas publicacións en libro destaca a *Nova gramática para a aprendizaxe da lingua* (1988), da que é coautor, e *O mundo narrativo de Álvaro Cunqueiro* (1990), mostra da súa continuada preocupación polo escritor mindoniense.

Traballa con Manuel Rivas no libro-CD *O pobo da noite* (1996) e *A desaparición da neve* (2009) e en múltiples recitais en directo.

O seu primeiro disco como autor e intérprete musical é *Río de son e vento* (Xerais 1998), ao que seguirá a antoloxía do mesmo nome, onde aborda a poesía galega ao longo da súa historia (1999).

No centenario do nacemento de Cunqueiro publica *Habera primavera* (2011), libro-CD editado por Galaxia que inclúe catorce poemas musicados e o audio inédito da última entrevista co escritor.



Ten musicado poemas de Rosalía, Pondal, Leiras Pulpeiro, Manuel Antonio, Álvaro Cunqueiro, Díaz Castro, Uxío Novoneyra, Méndez Ferrín, Pilar Pallarés, Xela Arias, Manuel Rivas, Luísa Villalta..., e igualmente compón música sobre as súas propias letras.

Nas gravacións e nos directos tivo a colaboración de grandes músicos como Nani García, Luís Soto, Roberto Somoza, Rebeca Maseda ou os seus irmáns Pablo, Humberto e Alfonso Morán.

Na actualidade prepara novas gravacións, actúa en diversos concertos, publica artigos na prensa e ten unha presenza continuada nas redes sociais.

Miguel-Anxo Murado

Lugo, 1965. Ten escrito novelas, libros de relatos (*O soño da febre, Mércores de cinza*), teatro (*A grande noite de Fiz*), poesía (*Bestiario dos descontentos, Lapidario*) e ensaio (*Outra idea de Galicia*). Murado foi tamén guionista de cine e televisión e xornalista. Tamén traballou durante un tempo para as Nacións Unidas en Oriente Medio, onde logo cubriu durante varios anos a Segunda Intifada palestina como reporteiro para o diario *El Mundo*, experiencia que recolleu no libro autobiográfico *Fin de século en Palestina*. Actualmente é analista de política internacional e columnista en *La Voz de*



Galicia, colabora habitualmente coa BBC británica e tamén escribe en inglés para os diarios *The Guardian*, *New York Times* e a revista literaria *New York Review of Books*. Ten unha vinculación familiar con Mondoñedo a través da súa avoa Ángela, natural de Riotorto e criada na capital mindoniense.

Bernardo Penabade

Licenciado en Filoloxía Galego-Portuguesa pola Universidade de Santiago de Compostela, dende 1985 traballou para o sector audiovisual relacionado coa tvg na sincronización e dobraxe de filmes, así como na tradución de guiños (especialmente de programas destinados ao público infantil).

Dende 1988 é docente e neste campo é o impulsor do Modelo Burela de Planificación Lingüística, unha estratexia educativa en xerme desde 2004 e en aplicación desde 2005.

Desde xaneiro de 2012 promove e alenta en Radio Burela o programa Proxecto Neo, dedicado á integración de inmigrantes na



cultura de destino sen descoidar a atención ás culturas orixinarias.

de Planificación Lingüística, unha estratexia educativa en xerme desde 2004 e en aplicación desde 2005.

Lois Pérez

Lugo, 1979. Mestre, poeta, dramaturgo, contador de historias e humorista, e o centro da súa actividade artística é a narración oral e a escrita. No eido da dramaturxia, gañou en 2008 un dos premios de Teatro Radiofónico da Radio Galega, coa obra *Saltimbanqui*, dirixida e adaptada por Quico Cadaval e interpretada por este canda Xan Cejudo e Xosé

Olveira Pico, publicada en libro-CD (Xerais, 2008). En 2013 publicou *LP*, o seu primeiro poemario, editado por Emerxente. Foi colaborador do grupo de teatro Pincharcarneiro, da Fundación Anade para persoas con diversidade funcional.

É membro do Consello Directivo da AELG e colabora coa Sección de Literatura de Tradición Oral da AELG. Ocasionalmente exerce de cronista do rock and roll para a revista *Ruta 66* e como locutor radiofónico nocturno para *openradio.es*.

No eido do ensino traballou e coordinou diferentes proxectos de innovación na normalización lingüística do galego na escola,




premiados todos eles (2008, 2009, 2010 e 2011) por organismos oficiais e institucións diversas (Premio Antonio Fraguas, Mención especial da Fundación Rosalía de Castro, SXPL, etc.). Membro do Xurado do Premio Xerais de novela 2017.

Colaborador habitual do *Táboa Redonda*, suplemento dominical de cultura de *El Progreso* de Lugo e *Diario de Pontevedra*.

Membro do xurado do Premio Xerais de Novela 2017. Premio aRi[t]mar 2018 de poesía polo «Blues do Rei Bergman = B.B. King», poema contido no libro de poemas *Long Play* (Edicións Xerais, nov. 2017 1.ª edición, xaneiro 2018 2.ª edición).

Francisco Piñeiro González

O Reguengo, Mondoñedo, 1956. Exerceu como mestre en Barcelona e noutros destinos das provincias de A Coruña e Lugo para rematar como mestre de Secundaria no IES Monte Castelo de Burela. O seu afán por democratizar a cultura fóra das aulas lévaa a realizar unha



extensa dinamización altruísta en múltiples eidos.

Teatro popular: Escribe máis de medio cento de obras para alimentar ao longo de vinte e cinco anos a varios grupos da Mariña lucense (O Bordelo, A Adala, Ardora, O Batán) e outros de fóra da contorna, sumando en total máis de seiscentas representacións por escenarios galegos e asturianos e acadando, entre outros premios: 1.º, 2.º e 3.º premio «Laxeteatro», 2.º, 3.º e 4.º Premio «Daniel Cortezón», premio especial do público e premio ó mellor actor na IV Mostra de Sada, A Coruña.

Premio ó mellor espectáculo nos IX Domingos a Escena de Caranza, Ferrol e 2.º posto nos X Domingos a Escena de Caranza conseguindo representar nun santuario escénico como é o Teatro Jofre de Ferrol. No teatro de masas dirixiu varias edición da Queimada Popular de Cervo, as dúas primeiras celebración das Festas Normandas de Foz, o Asalto ao Castelo do Festival Irmandiño de Moeche, as Veladas de teatro no Souto de Cervo ou Express-arte.

Xornalismo: Premios Lorenzo Varela, XXIX e XXX Certame Nacional Belén de Begonte.

Narrativa: 1.º premio no X Certame Manuel Orestes e no XV Certame A Pipa. Accésit no XI e XII Manuel Orestes e mención especial no II Certame Rosa Reboredo, Barcelona. Publicou *Historia do teatro afeccionado na Mariña Lucense*, *Entre amigos*, *Lembranzas musicais do Valadouro*, *A derradeira batalla do Marqués de Sargadelos*, *O valor do noso. Centenario do escolar de Cervo...* o poema «Ai de min, Paradela»; dirixiu curtas... En recoñecemento á súa traxectoria foi nomeado Cabaleiro do

Mariscal Pardo de Cela, Premio «A toda unha vida», Mestre Honorífico da Escola de San Román de Vilaestrofe. No 2017 inaugurouse o Centro Cultural «Francisco Piñeiro» en Abade (Moeche), A Coruña.

Antonio Reigosa Carreiras

Zoñán, Mondoñedo, 1958. Cronista oficial de Mondoñedo. Responsable de Comunicación e Xestión Cultural da Rede Museística da Deputación de Lugo. Escritor, investigador e divulgador de mitoloxía popular e literatura de tradición oral. Creou a enciclopedia virtual *Galicia Encantada* (www.galiciaencantada.com) en 2005. É responsable da sección de literatura de tradición oral da AELG. Conferenciante e colaborador habitual en medios de comunicación e revistas especializadas, autor de guías e unidades didácticas.

Coautor con X. Miranda e X. R. Cuba de obras como *Dicionario dos seres míticos galegos* (1999), *Contos colorados. Narracións*



eróticas da tradición oral (2001), *Pequena mitoloxía de Galicia* (2001) e dos 20 tomos da colección de contos *Cabalo Buligán* (1998-2004). Con X. Miranda escribiu *Cando os animais falaban. Cen historias daquel tempo* (2002), *Arrepíos e outros medos* (2004), *A flor da auga* (2006) e con A. García Teijeiro *Lendo lendas, digo versos* (Premio Gala do Libro Galego (Premio Iniciativa Bibliográfica, 2016 —Lista de Honra do IBBY, 2018).

No campo da narrativa infantil e xuvenil é autor de títulos como *Memorias dun raposo* (Premio Merlín, 1998), *Resalgario* (Premio Raíña Lupa,

2001), *Bacoriño* (2004), *A noite dos pesadelos* (2006), *A escola de Briador* (2006), *O polimacho e outras criaturas* (2008), *Lu e Go pola muralla* (2010), *O aprendiz de home do saco* (2013) e *O raposo aviador que voa sen motor* (2019).

Outras obras da súa autoría: *Os dous irmáns e outros contos populares do antigo Exipto* (2008) *Guía ilustrada da Galicia invisible* (2010), *Trece noites, trece lúas. Libro das marabillas do Nadal* (2011), *Cuentos y leyendas de Galicia* (2012), *Galicia Encantada. O país das mil e unha fantasías* (2015), *Celebración de Mondoñedo* (2017), *Guía de campo da Galicia Encantada* (2020), *Contrahistorias de Galicia* (2020) e *Cen historias máxicas pola Mariña encantada* (2020).

<http://cadernodeantonioreigosa.eu/autor/>

Lionel Rexes

París, 1971. Diplomado en Maxisterio pola Universidad Autónoma de Madrid. Autor do estudo paremiolóxico *Ditos e refráns do Valadouro*, publicado polo Seminario de Estudos do

Valadouro en 2013, e da novela *A raíña das velutinas*, publicada por Xerais en 2017. Impulsor da bitácora literaria «Vasoiras de xibarda» (www.blogoteca.com/vasoirasdexibarda). Organizador dos encontros estivais de escritores Ponte Literaria.

Obtivo os galardóns literarios:

—Premio Lonxa Literaria 2011 por *Abonda que lle chaman Porto*.

—1.º Premio Minicontos de Outono 2011 por *Luzada*.

—Premio Relatos de Verán Redelibros.es 2012 por *A patria era unha aira*.

—Accésit da Lonxa Literaria 2015 por *A hucha das mazás*.

—Accésit do Premio Modesto R. Figueiredo 2015 por *Monsieur Bocskai*.



—2.º Premio Certame Literario Concello de Ames 2016 por *A mortalla do demo*.

—Premio de Novela Curta Manuel Lueiro Rey 2016 por *A raíña das velutinas*.

—1.º Premio Contos de Verán El Progreso 2017 por *Minnesota*.

—Accésit do Premio Modesto R. Figueiredo 2017 por *O tempo dos pexegos*.

—Finalista no Concurso de Microrrelatos RAG-Puntogal 2018 por *Lección de xeografía*.

—Finalista no Premio Modesto R. Figueiredo 2019 por *Garfos de prata*.

Xosé Ruiz Leivas

Nacín hai oitenta e cinco anos en A Coruña, con nove cheguei ao Paraíso mindoniense e dende aquí como todo bo galego emigrei a América e despois achegueime a Madrid onde parei para ter dous fillos, e xa en 1986 regresei ao Paraíso e así poder beber auga da fonte dos Pelamios, ou da Fonte Vella, ou da de San Juan, todas milagreiras por ser de Mondoñedo e inzar no corpo AMIZADE. E en todo



este tempo desenvolvín a miña profesión que non é outra que a de MINDONIENSE.

Xulio Xiz

Julio Giz Ramil. Vilalba, 1947. Xornalista. Traballou en Radio Popular de Lugo (1968-1985), *El Ideal Gallego* (1968-1985), e con programas especiais na Radio Galega (1985-1986).


No seu tempo radiofónico, con Marcial González Vigo (+), nos anos setenta, conseguiu unha vintena de premios nacionais e internacionais de radio e TV, entre eles o Internacional do

Bimilenario de Lugo, o Nacional de Radio e TV Ciudad de Salou, o galego de radio Rosalía de Castro, o Nacional de Turismo «La Mancha» ou o Premio mundial de Radio-TV «Mallorca», en 1980.

Fundou con Carlos Rodríguez Arias e dirixiu a Productora e Editorial Ophiusa (1986), Televisión Lugo (1994), e a plataforma en internet Galicia Digital (2000).

Ten dirixido máis de medio cento de vídeos culturais, educativos e turísticos, e participado en máis de 50 libros como autor, colaborador ou coordinador.

O seu concello natal, concedeulle en 2017 a Medalla de Ouro de Vilalba.



Índice

Limiar	5
Miguel Souto Cabana	
Presentación	7
Fran Bouso	
Como vai o mundo?	11
Francisco Piñeiro González	
Diz da Grotá	14
Antonio Reigosa	
Bouso e Perrón nas San Lucas	17
Fran Bouso	
Hamlet	20
Xe Freyre	
Ulises sempre volve	23
Antón Meilán	
Tres raposos mindonienses	27
Lionel Rexes	
Morreu Pepe da Palla	29
Antonio Reigosa	
A que hora pasará por Mondoñedo o tren das catro?	32
Francisco Piñeiro González	
O cabalar das San Lucas	35
César Morán	
Tristán nas San Lucas	38
Fran Bouso	
Mondoñedo é poesía	42
Bernardo Penabade	
Guy Parbleu, halóxeno feirante	45
Xe Freyre	
Sentir as San Lucas	48
Xosé Ruíz Leivas	
Aromas	52
Antonio Reigosa	

<i>Que o tire o Mato</i>	56
Lois Pérez	
<i>A escola das San Lucas</i>	61
Francisco Piñeiro González	
<i>Soños e espertares</i>	65
Chus Amieiro	
<i>Sube ao carrusel</i>	69
Fran Bouso	
<i>As ‘Hamlet’ nas San Lucas</i>	71
Francisco Piñeiro González	
<i>A egua somnánbula</i>	74
Antonio Reigosa	
<i>Conversas cun estraño nas San Lucas</i>	77
Fran Bouso	
<i>Lionfante en Mondoñedo</i>	81
Miguel-Anxo Murado	
<i>Felipe de Francos con Cunqueiro nas San Lucas</i>	85
Xulio Xiz	
<i>Camiñamos</i>	87
Xoán Ramón Fernández Pacios	
<i>O rato de Cunqueiro</i>	90
Antonio Reigosa	
<i>Orestes nas San Lucas</i>	93
Francisco Piñeiro González	
<i>Da fonte dos Pelamios abrolla auga do río Xordán</i>	96
Fran Bouso	
<i>Soños sanluqueiros</i>	101
Francisco Piñeiro González	
<i>Lembranzas dunha máquina de escribir</i>	105
Miguel González Somovilla	
<i>La peste de 1983</i>	110
Álvaro Cunqueiro	
<i>Biografías autoras e autores</i>	113

«Y cuando la feria termina, mañana mismo, y se van tratantes, festeros y gitanos, y vuelve la ciudad a su enorme silencio: la algarabía es barbarie. El silencio es cultura, en vez de potros pelados, de alegre crin, corren las calles hojas secas que vienen del bosque a dar el saludo autumnal a la ciudad; entre las hojas secas parecen correr monedas de oro: son las hojas del abedul y de la acacia pérsica.»

«San Lucas en Mondoñedo»
(*El Progreso*, 19 de outubro de 1958)

«Son un mundo as San Lucas; nunca se dan vistas, desde el mercadillo de la hierba fresca —¡que perfume!— en la Fonte Vella hasta el aparte de las greas de áspera pelambre e inquietas orejas en ferial de los Remedios. En gran parte son tal y como nacieron en el siglo XIII. Quizás no haya en Europa horas más antiguas que las que se pueden pasar en Mondoñedo, nas San Lucas.»

«As San Lucas»
(*El Progreso*, 18 de outubro de 1960)

**«Unha feira que aínda é gran parte do que
foi deica os primeiros anos diste século:
unha feira da Idade Media, digna de figurar
nunha miniatura dunhas “Ricas horas”.»**

**«O fermoso rostro do país:
San Lucas de Mondoñedo»
(*Faro de Vigo*, 22 de outubro de 1969)**



Non son estas, como as lectoras e os lectores axiña comprobarán, as crónicas do acontecer verdadeiro das feiras e festas das San Lucas deste período, senón as do soñar, que tamén son, e non menos importantes, novas auténticas.

A creatividade das autoras e autores deste libro contribúe coa súa mestría a prolongar o horizonte da realidade ata os predios do imaxinario que Cunqueiro viaxou e describiu antes ca ninguén.

